MEMORIA 2012

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA 2012

Escola Galega de Administración Pública

FICHA TÉCNICA

Edita:
Escola Galega de Administración Pública

Ano de publicación:
2013

ÍNDICE

A Escola Galega de Administración Pública	**7**
Actividades para o persoal da Administración autonómica	**15**
Actividades para o persoal da Administración local	**135**
Actividades para o persoal da Administración de xustiza	**171**
Xornadas, seminarios e conferencias	**195**
Cursos superiores e de especialización	**215**
Actividades en colaboración	**231**
Publicacións	**317**
Xestión da calidade	**327**
Biblioteca da EGAP	**335**
Relación de docentes	**341**
Resumo estatístico	**371**

A EGAP

A EGAP é un centro oficial de docencia, de investigación e de divulgación de todas aquelas materias que sexan de interese para o persoal ao servizo da Xunta de Galicia, doutras Administracións galegas e da sociedade en xeral, constituíndose como un instrumento de primeira orde para lograr a profesionalización da Función pública, acorde coas esixencias dunha sociedade democrática e do Estado de Dereito. Así, a EGAP naceu no ano 1987 ante a necesidade de consolidar e modernizar a Administración xurdida da configuración de Galicia como Comunidade Autónoma e, dende entón, traballa para proporcionarlle á sociedade galega os mellores servizos.

A Escola Galega de Administración Pública é:

Un **centro de formación e de especialización dos empregados públicos de Galicia**, no que a acción formativa se orienta cara á actualización permanente dos coñecementos dos traballadores da Administración, garantindo que a formación continua do persoal redunde na mellora da prestación dos servizos. Deste xeito, “formar para servir” convértese na máxima que guía o traballo da EGAP, dende a vontade de prestar o mellor servizo á cidadanía.

A Escola Galega de Administración Pública é:

Un **foro de debate** no que analizar as distintas problemáticas que se suscitan na sociedade, a fin de que dese debate poidan xurdir posibles políticas públicas; isto é, un punto de encontro para a reflexión, o intercambio de ideas e, en definitiva, a xeración de coñecemento orientado á mellora das Administracións públicas. Por este motivo, a Escola funciona como un **centro de información** para mellorar a relación entre a cidadanía e a Administración pública, promovendo a máxima difusión dos coñecementos á sociedade no seu conxunto e poñendo todo o seu acervo e a súa bagaxe de coñecementos ao servizo da mellora da Administración pública e da satisfacción das necesidades e expectativas sociais.

A Escola Galega de Administración Pública é:

Un **centro de investigación** no que poñer en marcha traballos de divulgación no eido da Administración pública que poidan axudar ao seu mellor coñecemento e á súa mellora. Deste xeito, as diversas liñas de traballo levadas a cabo susténtanse nos principios de intercambio de coñecementos, colaboración coa comunidade científica e divulgación de resultados.

Fins da EGAP:

A Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, establece como fins da Escola Galega de Administración Pública:

- Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ao servizo da Administración de Galicia e doutras Administracións públicas que llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, subseguintes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal.
- Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais “con habilitación de carácter nacional".
- Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia "sen habilitación nacional".
- A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no terreo da Administración Pública, promovendo a súa máxima difusión.
- O establecemento de convenios e a realización de intercambios con organismos similares das Administracións públicas de ámbito estatal e internacional.
- A difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

Consello Reitor da EGAP:

O Consello Reitor ten atribuídas as seguintes facultades:

a. Aprobar o Anteproxecto do orzamento anual da Escola e as súas contas.
b. Aprobar o Plan anual de actividades, o Plan de estudos e a memoria da Escola.
c. Darlle a conformidade aos proxectos de convenios con centros semellantes doutras administracións públicas e institucións.
d. Propoñer a organización administrativa da escola e o seu correspondente cadro de persoal.
e. Propoñer os programas comúns para o ingreso na Administración pública galega e emitir un informe sobre os programas específicos da selección do persoal ao servizo desta, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.
f. Establecer as bases e condicións xerais de participación e acceso aos cursos ou actividades que convoque a EGAP.
g. Elaborar e aprobar o regulamento interno da EGAP.
h. Coñecer os asuntos que, pola súa relevancia, lle sometan ao presidente do Consello ou ao director da EGAP.

Composición do Consello Reitor:

Presidente:

- Alfonso Rueda de Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza

Vicepresidente:

- José Mª Barreiro Díaz, director xeral de Función Pública da Consellería de Facenda

Vogais:

- Sonia Rodríguez-Campos González, directora da Escola Galega de Administración Pública
- Beatriz Cuíña Barja, secretaria xeral da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- Manuel Pillado Quintáns, director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia
- Natalia Prieto Viso, directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- José Norberto Uzal Tresandi, director xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- Juan J. Martín Álvarez, director xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- Roberto Blanco Valdés, catedrático de dereito constitucional da Universidade de Santiago de Compostela
- Antonio Piña Alonso, decano do Xulgado de Ourense
- José Luis Carro Fernández-Valmayor, catedrático de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago de Compostela

- Ángel Gómez-Iglesias Casal, catedrático de dereito romano da Universidade de Santiago de Compostela
- José Luis Meilán Gil, catedrático emérito de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña
- Ramón Máiz Suárez, catedrático de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago
- Eloy Miguel Rodríguez Gayán, decano da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña
- Inmaculada Valeije Álvarez, secretaria xeral da Universidade de Vigo
- José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense
- Alfonso Villares Bermúdez, alcalde de Cervo. Vicepresidente Executivo da Fegamp
- Manuel Muiño Espasandín, alcalde de Zas
- Paula Fernández Pena, alcaldesa de Silleda
- Plácido Cazón Lamas, funcionario da Administración local. CC.OO
- Alexandre Banhos Campo, funcionario da Administración autonómica. CIG
- Juan Manuel Álvarez Castro, Funcionario da Administración autonómica. FSP-UXT
- Humberto Paz Rodríguez, representante FSP-UXT

Secretario:

- Néstor Valcárcel Teijeiro, secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Durante o ano 2012 a Escola Galega de Administración Pública organizou, dentro do Plan de formación para o persoal da Administración autonómica, un total de 230 edicións específicas para este colectivo, cun total de 9.042 prazas e 10.371 horas de formación.

Convocatorias publicadas no DOG:

Convocatoria de cursos de formación continua	DOG núm. 239, do 16 de decembro de 2011
Convocatoria dos cursos de Linguaxe administrativa galega	DOG núm. 35, do 20 de febreiro de 2012
Convocatoria dos cursos de Perfeccionamento de Xefatura de sección	DOG núm. 46, do 6 de marzo de 2012
Convocatoria de probas libres do Plan Ofimático de Galicia	DOG núm. 83, do 2 de maio de 2012
Convocatoria de probas libres do Plan Ofimático de Galicia	DOG núm. 173, do 11 de setembro de 2012

Principais liñas de actuación do Plan:

- a continuación da **procura da excelencia na calidade**, tanto na área formativa, como na xestión da propia Escola, de acordo co modelo europeo de xestión da calidade EFQM e conforme á norma UNE-EN ISO 9001:2008.
- a **aposta por liñas de acción innovadoras** (EGAP 2.0, proxecto de acreditación de competencias).
- a **adecuación da oferta formativa ás demandas** e ás expectativas da Administración e dos empregados públicos.

- a **continuación da oferta nas áreas de maior demanda** (procedemento administrativo, idiomas, linguaxe administrativa, innovación e TIC, habilidades directivas, etc.).
- unha **maior descentralización** da oferta formativa grazas á xeneralización da teleformación (a maioría dos exames de teleformación teñen lugar nas localidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo e Ferrol).
- o **incremento da oferta na modalidade de teleformación**.
- a avaliación de coñecementos adquiridos con **probas obxectivas**, en todos os cursos de máis de 10 horas (o 98%), cuxa superación é imprescindible para obter o diploma.
- a incorporación en todos os cursos dun mínimo do **25% de contidos prácticos** que respondan ás necesidades reais da Administración e do alumnado.
- a rigorosidade no seguimento do **control de asistencia** nos cursos presenciais e cun máximo dun 10% de tempo de ausencia, que en todo caso deberá ser xustificado documentalmente.

A NOVA NORMATIVA NA CATALOGACIÓN DE REXISTROS BIBLIOGRÁFICOS: A ISBD CONSOLIDADA E AS RDA. FC12001

Obxectivos:
Curso práctico de actualización na catalogación dos fondos bibliográficos co obxectivo de dar a coñecer os últimos cambios producidos no ámbito da normativa sobre descrición bibliográfica.

Destinatarios:
Persoal técnico e auxiliar de bibliotecas.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 16 ao 20 de abril
Prazas: 30

Contido básico:
1. ISBD consolidada. Coñecemento dos cambios na descrición dos recursos bibliográficos incluídos na edición definitiva, versión inglesa 2011. Aplicación ás monografías, videogravacións, recursos continuados e recursos electrónicos.
2. Os puntos de acceso. Regras de catalogación, capítulos 14 ao 16.
3. Introdución ás RDA.
4. Exercicios prácticos.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

LIÑAS DE DESENVOLVEMENTO PARA PROTECCIÓN, INTERVENCIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA. FC12002

Obxectivos:
Discusión das materias e problemáticas que resultan de maior interese para a determinación das directrices de traballo de protección, intervención e fomento do patrimonio cultural de Galicia. Debater sobre as disfuncións actuais e propor materias en termos de lexislación e instrucións internas que resulten eficaces para o mellor cumprimento das competencias legais na materia.Concluír as liñas de acción xeral para o futuro.

Destinatarios:
Persoal da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con calquera tipo de acción ou responsabilidade nas materias obxecto do curso.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 15 ao 22 de maio
Prazas: 40

Contido básico:
1. Protección do Patrimonio cultural: inventario xeral e proteccións xenéricas
2. Ferramentas lexislativas de necesario desenvolvemento regulamentario.
3. Instrucións para a intervención e establecemento de criterios de selección e avaliación da importancia.
4. As ferramentas de difusión e o patrimonio inmaterial. As publicacións, a formación e a presenza nos foros de discusión e debate nacionais e internacionais.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

LINGUA CHINESA A1.1. FC12003

Obxectivos:
O nivel elemental A1 está ideado para principiantes. Enfócase na adquisición das habilidades comunicativas por parte do alumno. O noso obxectivo é que, ao finalizar o curso I e II, se poida alcanzar o nivel A1 do Marco Común Europeo de Referencia en materia da elaboración de programas de linguas.
O Marco establece o criterio do dito nivel concretando as competencias do alumno nos seguintes aspectos: é capaz de comprender e empregar expresións cotiás de uso moi frecuente así como frases sinxelas destinadas a satisfacer necesidades de tipo inmediato; pode presentarse a si mesmo e a outros, pedir e dar información persoal básica sobre o seu domicilio, as súas pertenzas e as persoas que coñece, pode relacionarse de forma elemental sempre que o seu interlocutor fale amodo e con claridade e estea disposto a cooperar.

Destinatarios:
Persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:
Duración: 50 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 20 de febreiro ao 23 de maio
Prazas: 20 en cada edición

Contido básico:
Unidade 1
Contidos comunicativos:- Saudar e despedirse. Formas de identificación (nome, nacionalidade). Presentarse. Pedir e dar información sobre as linguas que se falan. Regras para denominar países, nacionalidades e idiomas.
Contidos gramaticais e outros:- Forma de traducir nomes propios estranxeiros e de cidades. Pronomes persoais: singular e plural.
Unidade 2
Contidos comunicativos:- Presentar a terceiras persoas. Nomes occidentais de uso frecuente. Pedir e dar información sobre profesións e o lugar de traballo. Expresar a posesión.
Contidos gramaticais e outros:- Formación de palabras da profesión e o lugar de traballo. Pronomes demostrativos: zhe e na. Non distinción do xénero. Partícula

estrutural de: expresión de posesión. Verbo shi (ser). Verbo zai (estar nun lugar). Forma negativa dos verbos. Pronomes interrogativos.
Unidade 3
Contidos comunicativos:- Os números do 0 ao 100. Pedir e dar información sobre o enderezo
Contidos gramaticais e outros:- Verbo zhu: residir. Verbo you: posuír ou haber. Clasificadores usuais ge, ben. Forma negativa de you. Formas interrogativas
Unidade 4
Contidos comunicativos:- Pedir e dar información sobre a familia. Pedir e dar información sobre a idade, a data de nacemento e o horóscopo chino. Felicitar un aniversario.Pedir e dar información sobre as datas
Unidade 5
Contidos comunicativos:- As cores. As prendas de vestir. Medios de transporte
Contidos gramaticais e outros:- Verbo xihuan para expresar gusto.Outra forma de interrogación afirmativo-negativa. Repaso final do visto nas unidades anteriores

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

TÉCNICA NORMATIVA. ELABORACIÓN E TRAMITACIÓN DE DISPOSICIÓNS DE CARÁCTER XERAL. FC12004

Obxectivos:
Profundar no coñecemento das directrices de técnica normativa dirixidas a mellorar a redacción e estrutura das normas e dos trámites esenciais do procedemento de elaboración das normas.

Destinatarios:
Funcionarios dos grupos A1 e A2 da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 26 ao 30 de marzo
Prazas: 20

Contido básico:
Módulos 1,2,3. Fase Inicial do procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral.-Trámites preceptivos e Redacción do borrador de texto articulado. Regras de Técnica Normativa.Redacción e estruturación das normas. Parte expositiva. Parte dispositiva.Parte Final.Normas de modificación.
Examinaríase ao longo de tres módulos como se inicia a elaboración dunha disposición de carácter xeral e como se debe redactar e estruturar adecuadamente unha norma para lograr normas sinxelas, claras, precisas e ben estruturadas.

Módulo 4. Fase intermedia do procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral.- Informes preceptivos, trámite de audiencia, Informe da Asesoría Xurídica Xeral. Informe da Secretaria Xeral da Consellería.

Módulo 5.- Fase Final e Ditame do Consello Consultivo de Galicia.Regulamentos executivos.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

VIOLENCIA DE XÉNERO. FC12005

Obxectivos:

Afondar nos coñecementos sobre violencia de xénero e dos recursos postos a disposición das persoas afectadas.

Destinatarios:
Persoal da Administración pública da comunidade autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 16 ao 25 de abril
Prazas: 20

Contido básico:
1. Análise histórica sobre os roles de xénero
2. O marco normativo estatal e autonómico: actuacións no ámbito xudicial
3. A orde de protección e outras medidas de protección: actuacións das forzas e corpos de seguridade
4. A abordaxe da violencia de xénero dende a intervención psicolóxica
5. As redes de trata de persoas con fins de explotación sexual: outra forma de violencia de xénero
6. Boas prácticas no ámbito local
7. Programas e recursos da administración autonómica para a erradicación da violencia.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

IGUALDADE DE XÉNERO: PERSPECTIVA XURÍDICA. FC12006

Obxectivos:
Análise da igualdade de xénero desde o ámbito xurídico.

Destinatarios:
Persoal da Administración pública da comunidade autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 21 ao 30 de maio
Prazas: 20

Contido básico:
1. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no ámbito internacional.
2. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no ámbito europeo.
3. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no marco estatal.
4. Marco teórico-legal das políticas de igualdade no ámbito autonómico.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

CUALIFICACIÓN ESPECÍFICA DO PERSOAL DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO II. FC12008

Obxectivos:
Afondar no coñecemento das políticas activas de emprego desenvolvidas polo SPEG (Servizo Público de Emprego de Galicia) e dotar o seu persoal dunha formación específica que lle facilite a competencia e capacitación necesarias para o posterior desempeño da súa actividade profesional.

Destinatarios:
Persoal dos grupos A1, A2, C1, C2, I, II, III e IV da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente persoal da Consellería de Traballo e Benestar.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 5 de marzo ao 4 de maio
T02: do 5 de marzo ao 4 de maio
T03: do 30 de abril ao 29 de xuño
Prazas: 75 en cada edición

Contido básico:
- Lexislación básica.
- Análise do mercado laboral.
- Clasificación de persoas demandantes de emprego.
- Orientación laboral.
- Aplicación contrat@ para a comunicación de contratos.
- Xestión de demandantes de emprego non comunitarios.
- Eures.
- Protección de datos.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

O COIDADO DO ALUMNADO CON INADAPTACIÓN ESCOLAR POR TRASTORNOS DE CONDUTA. FC12011

Obxectivos:
Acción para mellorar a cualificación e adquisición de competencias dos empregados públicos.

Destinatarios:
Persoal que ocupe postos de educadores/as ou auxiliares coidadores/as da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
A Coruña: do 5 ao 9 de marzo
Prazas: 20

Contido básico:
1. Orientación de carácter preventivo no coidado do alumnado con comportamentos e condutas inadaptadas e/ou antisociais.
2. A colaboración no mantemento das normas de convivencia no centro educativo e no seu contorno.
3. A conversa e o diálogo como base da solución de conflitos.
4. Os premios e os castigos ante condutas inadaptadas.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

O COIDADO DO ALUMNADO CON TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO NO CONTORNO EDUCATIVO. FC12012

Obxectivos:
Acción para mellorar a cualificación e adquisición de competencias dos empregados públicos.

Destinatarios:
Persoal que ocupe postos de educadores/as ou auxiliares coidadores/as da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Lugo: do 12 ao 16 de marzo
Prazas: 20

Contido básico:
1. Orientacións xerais e específicas na atención e o coidado do alumnado con TXD-TEA

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

CAMBIO CLIMÁTICO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE. FC12013

Obxectivos:
Facilitar aos traballadores da administración autonómica os coñecementos prácticos e as habilidades directivas necesarias para facer fronte aos retos complexos e cambiantes do desenvolvemento sustentable e o cambio climático. Saber elaborar liñas de actuacións, tanto de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, como de adaptación ao cambio climático, baseadas nas evidencias atopadas e nos impactos esperados, para facer fronte a este fenómeno global de forma efectiva, necesita de técnicos formados nestas disciplinas.

Destinatarios:
Funcionarios dos grupos A1 e A2 de todas as Consellerías que desexen formarse neste campo e podan despois participar na elaboración de políticas relacionadas co cambio climático.

Desenvolvemento:

Duración: 16 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 27 de febreiro ao 1 de marzo
Prazas: 25

Contido básico:
UNIDADE 1: Introdución ao cambio climático e ao desenvolvemento sostible: Marco xeral do curso. O fenómeno do cambio climático. O efecto invernadoiro: orixes, causas e consecuencias. A resposta ao cambio climático.
UNIDADE 2: As emisións de gases de efecto invernadoiro: Inventario e cálculo de emisións. Taller práctico de cálculo de emisións de gases de efecto invernadoiro. O mercado de dereitos de emisións.
UNIDADE 3: Evidencias e impactos do cambio climático en Galicia: Evidencias e impactos do cambio climático en Galicia. Escenarios climáticos. Adaptación ao cambio climático. Modelos. Exemplo práctico de adaptación

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

METEOROLOXÍA E CLIMATOLOXÍA: VARIACIÓNS XERAIS E A SÚA APLICACIÓN EN GALICIA. FC12015

Obxectivos:
Facilitar aos traballadores da administración autonómica os coñecementos prácticos e as habilidades técnicas necesarias para aplicar nos seus traballos técnicos as variables meteorolóxicas, e empregar as bases de datos e outras ferramentas de MeteoGalicia postas a súa disposición.

Destinatarios:
Está destinado a funcionarios dos grupos A1 e A2 de todas as Consellerías que para os seus traballos técnicos de planificación necesiten coñecementos de meteoroloxía.

Desenvolvemento:
Duración: 16 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 16 ao 19 de marzo
Prazas: 25

Contido básico:
UNIDADE 1: Introdución á Meteoroloxía e Climatoloxía: Tempo e Clima: O clima a través da historia. O clima de Galicia. Meteogalicia. Caracterización da atmosfera: Mapas.
UNIDADE 2: Termodinámica da atmosfera: Sistemas frontais. Tipos de nubes. Fenómenos adversos: tornados, furacáns, treboadas, gota fría. Fenómenos sinópticos: NAO, El Niño.
UNIDADE 3: Observación: Procesos de evaporación e condensación. Formación de néboas. Estabilidade e inestabilidade atmosférica: inversións térmicas. Observación meteorolóxica: Estaciones, satélite, radar.
UNIDADE 4: Clima e Cambio Climático: Elaboración da predición meteorolóxica. O cambio climático: o papel de Galicia.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

OS SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E A XESTIÓN DA INFORMACIÓN TERRITORIAL. FC12016

Obxectivos:
Coñecemento da información territorial e a súa xestión e aplicación mediante sistemas de información xeográfica, nas análises, informes e planificación con incidencia sobre o territorio

Destinatarios:
Persoal da administración autonómica que no seu posto de traballo, empreguen arquivos con datos xeográficos, consulta de mapas e bases de datos territoriais, en especial persoal da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 2
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 13 ao 23 de febreiro
Santiago de Compostela: do 12 ao 22 de marzo
Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:
1.A información territorial na Xunta de Galicia.
2.Os sistemas de Información Xeográfica.
3.Ferramentas de navegación e consulta.
4.Creación e edición de información.
5.Análise e emprego.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

XESTIÓN SOSTIBLE E SEGURIDADE INTEGRAL DE PRESAS E ENCOROS. FC12017

Obxectivos:
Curso destinado ao coñecemento dos sistemas de xestión das presas e encoros de Galicia-Costa, que leva a cabo a administración hidráulica de Galicia, desde o punto de vista sustentable, e o deseño de técnicas e programas destinados a preservar a seguridade, tal e como indica a normativa vixente nesta materia. O obxectivo é a formación, tanto en materia de seguridade de presas e encoros normativa vixente, plans de emerxencia de presas e a súa implantación, auscultación e vixilancia de presas e sistemas de automatización -, como de xestión do recurso desde un punto de vista sostible xestión de avenidas, determinación de caudais ecolóxicos, delimitación de zonas asolagables, eutrofización e limpeza de encoros.

Destinatarios:
Persoal da administración hidráulica de Galicia, con carácter preferente, e persoal técnico da consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas e outras consellerías que desenvolvan traballos relacionados coa xestión de presas e encoros.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 20 ao 29 de marzo
Prazas: 30

Contido básico:

- Marco lexislativo vixente e situación administrativa das presas en Galicia-Costa.
- Plans de emerxencia de presas. O papel de Protección Civil na seguridade de presas e encoros.
- Sistemas de automatización de presas. A experiencia de Eiras e de Baiona.
- Auscultación e vixilancia de presas.
- Implantación de plans de emerxencia de presas.
- A xestión de avenidas apoiada en sistemas de predición. O sistema ARTEMIS de augas de Galicia.
- Xestión sostible de presas e encoros. Determinación de caudais ecolóxicos e desenvolvemento de procesos de concertación.
- Delimitación de zonas asolagables en Galicia-Costa.

- A problemática da eutrofización en encoros.
- Redes de control da calidade das augas en encoros e a determinación do potencial ecolóxico.
- Limpeza de encoros.
- A xestión de presas de tipo hidroeléctrico.
- A xestión de presas de abastecemento.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

A PROTECCIÓN DAS AUGAS MINERAIS E TERMAIS EN GALICIA. LEXISLACIÓN E PERÍMETROS DE PROTECCIÓN. FC12018

Obxectivos:
Mellorar o coñecemento lexislativo e técnico dos procedementos relativos ás augas minerais e termais e a súa protección en Galicia.

Destinatarios:
Persoal da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia relacionado coas augas minerais e termais. Resto do Persoal da Xunta de Galicia interesados no tema.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 10 ao 18 de abril
Prazas: 20

Contido básico:
1. Normativa galega sobre augas minerais e termais
2. Modificacións lexislativas e regulamentarias derivadas da nova normativa estatal
3. Definición de perímetros de protección. Técnicas e metodoloxías de aplicación
4. Aspectos construtivos das captacións
5. Caracterización hidroquímica das augas desde o punto de vista sanitario

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

MANEXO E FUNCIONAMENTO DAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS GESTIÓN MINERA DE GALICIA E CENSO CATASTRAL MINERO DE GALICIA. FC12019

Obxectivos:
Perfeccionar o manexo das ferramentas informáticas que serán de uso habitual para a xestión dos dereitos mineiros de Galicia

Destinatarios:
Persoal funcionario e laboral da Consellería de Economía e Industria con competencias no ámbito da xestión mineira

Desenvolvemento:

Duración: 10 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 7 ao 15 de maio
Prazas: 15 en cada edición

Contido básico:
1. Funcionamento dos sistemas
2. Utilización das aplicacións

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

CURSO DE NORMATIVA TURÍSTICA E ACCIÓN INSPECTORA. FC12023

Obxectivos:
Actualizar coñecementos e procedementos no eido da normativa turística, especialmente na nova Lei de turismo e decretos de desenvolvemento

Destinatarios:
Persoal da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 27 de febreiro ao 8 de marzo
Prazas: 30

Contido básico:
A Lei de turismo en Galicia
Normativa vixente e desenvolvemento regulamentario da Lei de turismo de Galicia
Competencias das administracións locais
O turismo e a ordenación do territorio. Licenzas e proxectos.
O procedemento administrativo e recursos.
Procedemento sancionador: potestade sancionadora en materia turística
O inspector como axente da autoridade. Instrumentos da inspección.
Atención ao público e técnicas de resolución de conflitos.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

DIRECCIÓN DE EQUIPOS DE TRABALLO. FC12026

Obxectivos:
Formar os responsables de equipos na adquisición de hábitos de conduta orientados cara á excelencia na dirección de persoas apoiando a visión e valores da organización. A orientación perfílase como un valor destes responsables que con tarefas de mando sobre equipos, teñen que realizar o seu cometido de forma eficaz. Para iso deben mobilizar aos demais mediante a calidade do seu trato e o seu comportamento. O propósito do programa é que os participantes adquiran un conxunto de ferramentas para identificar, avaliar e desenvolver, as competencias mais relevantes para o desempeño eficaz das súas funcións directivas. Para conseguir este obxectivo os participantes deberán: Obter información sobre si mesmos a través dunha variedade de métodos de avaliación deseñados para identificar os seus intereses, competencias, valores e coñecementos relacionados co desempeño eficaz en funcións directivas e de liderado. Obter información sobre as persoas que compoñen os seus equipos para identificar os seus intereses, competencias, valores e coñecementos relacionados co desempeño dos seus postos. Coñecer o proceso de comunicación, así como as súas disfuncións e causas que as xeran. Progresar na eficacia comunicativa. Aprender a interpretar esta información e a utilizala para deseñar e planificar as actividades de desenvolvemento profesional dirixidas a avaliar, recoñecer e esixir a cada membro do seu equipo de forma individual e personalizada. Identificar e actuar ante os conflitos. Promover o traballo en equipo e capacitar aos directivos participantes para lideralo. Inculcar en todo o proceso a idea de persistencia.

Destinatarios:
Subdirectores Xerais e Xefes de Servizo da Administración Pública de Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 16 ao 25 de abril
Prazas: 20

Contido básico:

- Os principios da dirección de equipos
- Hábitos de progreso para a dirección de equipos
- Reflexión e auto-coñecemento. Fontes de información.
- Hábitos actuais. Hábitos de progreso.
- Comunicación 1. Valorar e recoñecer ás persoas.
- Comunicación 2. Como crear equipos de alto rendemento.
- A importancia de coñecer o teu cadro de persoal e facer equipo.
- Cómo se constrúe a base. Posicionarse como mando. Resolver conflitos.

Convocatoria:

Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

A XESTIÓN DOS FONDOS COMUNITARIOS FEDER-FSE 2007-2013. FC12027

Obxectivos:
Dar a coñecer a xestión dos Fondos Europeos FEDER e FSE e a súa normativa reguladora, a tipoloxía de gastos que financian, os indicadores de seguimento, as axudas públicas, o control, seguimento e inspección dos Fondos, etc., de cara á acadar unha xestión máis áxil e eficaz dos mesmos

Destinatarios:
Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e laborais dos grupos I, II e III do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia

Desenvolvemento:
Duración: 30 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 9 ao 24 de abril
Prazas: 30

Contido básico:
1.- A xestión do Programa Operativo FEDER 2007-2013
2.- A xestión do Programa Operativo FSE 2007-2013
3.- Gastos subvencionables e criterios de selección de proxectos
4.- A xestión das certificacións de gasto. O orzamento anual
5.- Indicadores de seguimento, limiares de execución e avaliación
6.- As axudas públicas e a normativa comunitaria
7.- Auditoría de Fondos

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

CURSO PRÁCTICO DE SUBVENCIÓNS. LEI 9/2007 E REGULAMENTO DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA. FC12029

Obxectivos:
Realizar unha análise profunda da Lei 9/2007 e do seu desenvolvemento regulamentario.

Destinatarios:
Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 que xestionen expedientes de subvencións.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 2
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 5 ao 21 de marzo
Santiago de Compostela: do 14 ao 30 de maio
Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:

- Efectos e implicacións na xestión económica das subvencións. Análise da Lei 9/2007 e do regulamento aprobado por Decreto 11/2009.
- Ámbito de aplicación
- Bases reguladoras e convocatoria.
- Procedementos de concesión. Supostos prácticos.
- Execución da convocatoria. Xestión orzamentaria e contable. Modificacións de crédito. Supostos prácticos.
- Xustificación e pagamento. Supostos prácticos.
- Control. Incumprimentos e anomalías máis frecuentes. Supostos prácticos.
- Base de datos de subvencións.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

BÁSICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. FC12030

Obxectivos:
Formar as/aos traballadores/as en materia de prevención de riscos laborais, segundo o establecido no Anexo IV B) do Real Decreto 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

Destinatarios:
Empregados públicos destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, preferentemente, para os membros dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 13 de febreiro ao 16 de marzo
T02: do 16 de marzo ao 18 de maio
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
I. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo: O traballo e a saúde: os riscos profesionais. Factores de risco. Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo. Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes básicos.
II. Riscos xerais e a súa prevención. Riscos ligados ás condicións de seguridade. Riscos ligados ao medio-ambiente de traballo. A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral. Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual. Plans de emerxencia e evacuación. O control da saúde dos traballadores.
III. Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade.
IV. Elementos básicos de xestión da prevención. Organismos públicos relacionados coa seguridade e saúde no traballo. Organización do traballo preventivo.
V. Primeiros auxilios.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

CURSO PRÁCTICO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA. FC12032

Obxectivos:
Análise práctico da xestión orzamentaria.

Destinatarios:
Funcionarios dos grupos A1, A2 e C1 da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 45 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 10 de abril ao 8 de maio
Prazas: 25

Contido básico:

- Análise normativa do Texto Refundido da Lei de Réxime financeiro e Orzamentatario de Galicia e da Lei de Orzamentos para o ano 2011.
- Elaboración e aprobación dos orzamentos xerais.
- Estrutura orzamentaria.
- Modificacións orzamentarias. Supostos prácticos.
- Execución dos orzamentos de gastos e ingresos.Documentos contables.
- Control orzamentario. Supostos prácticos.
- Peche do exercicio.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

SISTEMA DE ANÁLISE DE INFORMACIÓN DA FACTURA ELECTRÓNICA. FC12034

Obxectivos:
Adquirir as destrezas necesarias para manexar os sistemas de análise de información de Factura Electrónica

Destinatarios:
Empregados da administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia que utilicen o Sistema de Facturación Electrónica e/ou precisen empregar o Sistema de Información.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 3
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 16 ao 19 de abril
Santiago de Compostela: do 23 ao 26 de abril
Santiago de Compostela: do 28 ao 31 de maio
Prazas: 15 en cada edición

Contido básico:
1. Introdución aos sistemas de análise.
2. O Sistema de Análise de Información de Facturación Electrónica.
a)Seguridade de acceso á información: Tipos de usuarios. Medios de acceso.
b)Informes predefinidos no Sistema Analítico de Facturación: Concepto. Informes dispoñibles no Sistema. Selección de parámetros. Formatos de exportación.
c)Informes Editables no Sistema Analítico de Facturación: Concepto. Parámetros de edición. Formatos de exportación.
d)Documentación: Glosario de termos

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

XUMCO2. ENTRADA DE DOCUMENTOS, GASTOS E PAGOS. FC12035

Obxectivos:
Adquirir as destrezas básicas para xestionar documentos contables e obter información sobre a execución do gasto no Sistema de Información Xumco2

Destinatarios:
Empregados da administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 10 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 2
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 5 ao 8 de marzo
Santiago de Compostela: do 26 ao 29 de marzo
Prazas: 15 en cada edición

Contido básico:
O cliente Cixtec. A documentación de Xumco2. O entorno Lion. Entrada de documentos. Situación dos documentos en Xestión e Intervención. Referencia, índice e subíndice. Operación de procedencia e relacionada. Subvencións. Exercicios do módulo de entrada de documentos. Módulo de gastos. Agrupación de gastos. Contabilización e as súas validacións. Fases das operacións. O código de operación. Manexo de consultas e listaxes. Exercicios do módulo de gastos. Xestión de pagamentos.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

CONTROL DE XESTION POR INDICADORES E CADROS DE MANDO. FC12039

Obxectivos:
Dar a coñecer entre os corpos directivos da Xunta de Galicia un modelo de control de xestión a través de indicadores e cadros de mando co fin de mellorar o control da xestión e favorecer a toma de decisións.

Destinatarios:
Subdirectores, xefes de servizo e responsables de centros da Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 4 ao 7 de xuño
Prazas: 15

Contido básico:
- Modelos de Control da xestión
- O control da xestión a través dun cadro de mandos
- Experiencias de aplicación dun modelo de cadros de mando

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

CURSO DE REXISTRO E INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA. FC12040

Obxectivos:
Coñecer como rexistrar documentación, compulsar e emitir certificacións sobre as actividades do rexistro; a información administrativa da Xunta de Galicia ofrecida polas oficinas de atención á cidadanía (información e/ou rexistro).

Destinatarios:
Persoal vinculado ás actividades de rexistro e /ou información administrativa que non teña realizado este curso en edicións anteriores.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 7
Lugares e datas:
- A Coruña: do 23 ao 26 de abril
- Ferrol: do 16 ao 19 de abril
- Lugo: do 7 ao 10 de maio
- Ourense: do 21 ao 24 de maio
- Pontevedra: do 4 ao 7 de xuño
- Santiago de Compostela: do 9 ao 12 de abril
- Vigo: do 28 ao 31 de maio

Prazas: 20 en cada edición

Contido básico:
A actividade de rexistro: entradas e saídas; compulsas e certificacións, a organización dos rexistros da Xunta de Galicia e da rede do portelo único; a recepción de solicitudes, escritos e comunicacións e a preparación para a súa remisión ao destinatario. A información administrativa: tipos, actualización e acceso á información; suxestións e queixas.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

CURSO DE CONDUCIÓN PREVENTIVA E CONDUCIÓN EFICIENTE PARA CONDUTORES/AS DO PARQUE MÓBIL. FC12042

Obxectivos:
Dotar aos condutores/as dos recursos e automatismos que o fagan circular de forma mais segura, eliminando incidentes, así como de técnicas de condución eficiente que redunden nun aforro considerable de carburante e nunha redución de emisión de contaminantes, sen que supoña un aumento nos tempos de desprazamento

Destinatarios:
Condutores/as do Parque Móbil da Xunta de Galicia

Desenvolvemento:
Duración: 4 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 3
Lugares e datas:
A Coruña: 10 de maio
Lugo: 7 de xuño
Santiago de Compostela: 19 de abril
Prazas: 36 en cada edición

Contido básico:
1.- Condución preventiva:
- O factor humano na condución
- Situacións de risco na circulación

2.- Condución eficiente:
- Consumo enerxético e contaminación ambiental
- Principais vantaxes da condución eficiente
- O vehículo como máquina de consumo
- Mantemento preventivo do vehículo
- Conceptos asociados e principais regras da condución eficiente
- Aspectos prácticos da condución eficiente: clase práctica de 30 minutos de duración por alumno en vías abertas ao tráfico en condicións de condución real.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 239, do 16 de decembro).

APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE BASES DE DATOS RELACIONAIS (MICROSOFT OFFICE) - ACREDITACIÓN PRESENCIAL. FC12043

Obxectivos:
Acreditar coñecementos teórico-prácticos de base de datos Microsoft office.

Destinatarios:
Poderán participar nas probas convocadas por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 23 de xaneiro
Prazas: 100

Contido básico:
O temario para a avaliación será o o descrito no módulo formativo MF0233_2 "Ofimática" (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 "Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación" do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo pódense consultar no Real Decreto 645/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Administración e xestión que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1210/2009, do 17 de xullo (BOE núm.136, do 8 de xuño de 2011, páxinas 56456 á 56474) e na páxina web da EGAP.

Convocatoria:
Resolución do 1 de decembro de 2011 (DOG núm.232, do 5 de decembro).

APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE BASES DE DATOS RELACIONAIS (OPENOFFICE) - ACREDITACIÓN PRESENCIAL. FC12044

Obxectivos:
Acreditar coñecementos teórico-prácticos da base de datos no software libre.

Destinatarios:
Poderán participar nas probas convocadas por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 23 de xaneiro
Prazas: 100

Contido básico:
O temario para a avaliación será o o descrito no módulo formativo MF0233_2 "Ofimática" (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 "Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación" do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo pódense consultar no Real Decreto 645/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Administración e xestión que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1210/2009, do 17 de xullo (BOE núm.136, do 8 de xuño de 2011, páxinas 56456 á 56474) e na páxina web da EGAP.

Convocatoria:
Resolución do 1 de decembro de 2011 (DOG núm.232, do 5 de decembro).

APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE FOLLAS DE CÁLCULO (OPENOFFICE) - ACREDITACIÓN PRESENCIAL. FC12045

Obxectivos:
Acreditar coñecementos teórico-prácticos da folla de cálculo no software libre.

Destinatarios:
Poderán participar nas probas convocadas por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 23 de xaneiro
Prazas: 100

Contido básico:
O temario para a avaliación será o o descrito no módulo formativo MF0233_2 "Ofimática" (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 "Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación"» do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo pódense consultar no Real Decreto 645/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Administración e xestión que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1210/2009, do 17 de xullo (BOE núm.136, do 8 de xuño de 2011, páxinas 56456 á 56474) e na páxina web da EGAP.

Convocatoria:
Resolución do 1 de decembro de 2011 (DOG núm.232, do 5 de decembro).

APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE FOLLAS DE CÁLCULO (MICROSOFT OFFICE) - ACREDITACIÓN PRESENCIAL. FC12046

Obxectivos:
Acreditar coñecementos prácticos avanzados na folla de cálculo Excel.

Destinatarios:
Poderán participar nas probas convocadas por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 24 de xaneiro
Prazas: 100

Contido básico:
O temario para a avaliación será o o descrito no módulo formativo MF0233_2 "Ofimática" (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 "Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación" do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo pódense consultar no Real Decreto 645/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Administración e xestión que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1210/2009, do 17 de xullo (BOE núm.136, do 8 de xuño de 2011, páxinas 56456 á 56474) e na páxina web da EGAP.

Convocatoria:
Resolución do 1 de decembro de 2011 (DOG núm.232, do 5 de decembro).

APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE TRATAMENTO DE TEXTOS (OPENOFFICE) - ACREDITACIÓN PRESENCIAL. FC12047

Obxectivos:
Acreditar coñecementos avanzados no procesador de textos no software libre.

Destinatarios:
Poderán participar nas probas convocadas por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 24 de xaneiro
Prazas: 100

Contido básico:
Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 23 de abril ao 30 de xuño
Prazas: 30

Contido básico:
O contido sinalado no Anexo I Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño).

A FUNCIÓN CONSULTIVA PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL. LO12002

Obxectivos:
O 29 de novembro do ano 1995 publicábase no DOG a Lei 9/1995 pola que se creaba o Consello Consultivo de Galicia, como órgano superior consultivo da Xunta de Galicia, encargado de velar pola observancia da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do resto do ordenamento xurídico, e dotado de plena autonomía orgánica e funcional no exercicio das súas funcións. O presente curso pretende dar a coñecer no ámbito da Administración local a doutrina sentada por este órgano, nas distintas materias nas que a súa intervención é preceptiva, e da que conta cunha experiencia de quince anos.

Destinatarios:
Persoal dos grupos A1, A2 e C1 ao servizo das Entidades locais, os seus organismos públicos, e demais entes dela dependentes.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 2
Lugares e datas:
A Coruña: do 11 ao 27 de xuño
Ourense: do 12 ao 28 de xuño
Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:
- Módulo I: A Administración consultiva da Comunidade Autónoma de Galicia: o Consello Consultivo de Galicia.
- Módulo II:A responsabilidade patrimonial da Administración local.
- Módulo III: Réxime xurídico das Entidades locais: a revisión de oficio en materia local.
- Módulo IV:Relacións Lei-Regulamento nas entidades locais. Recurso extraordinario de revisión.
- Módulo V: A contratación administrativa: modificación e resolución dos contratos.
- Módulo VI: O territorio das Corporacións locais. Alteración dos termos municipais.
- Proposta dun suposto práctico cunha duración estimada de dúas horas.

Convocatoria:
Resolución do 27 de abril de 2012 (DOG núm. 88, do 9 de maio).

MEDIO DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA. LO12003

Obxectivos:
A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo das Entidades Locais de Galicia.

Destinatarios:
Os cursos van dirixidos ao persoal ao servizo das Entidades Locais de Galicia. Para solicitar os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio deberá ter superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa galega, de perfeccionamento de lingua galega ou certificado de lingua galega 4 (Celga 4).

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 4
Lugares e datas:
T01: do 17 de setembro ao 24 de novembro
T02: do 17 de setembro ao 24 de novembro
T03: do 17 de setembro ao 24 de novembro
T04: do 17 de setembro ao 24 de novembro
Prazas: 30 en cada edición

Contido básico:
O contido sinalado no Anexo I Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño de 2011).

Convocatoria:
Resolución do 30 de maio de 2012 (DOG núm. 108, do 7 de xuño).

SUPERIOR DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA. LO12004

Obxectivos:
A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo das Entidades Locais de Galicia.

Destinatarios:
Os cursos van dirixidos os empregados públicos e as empregadas públicas destinados nas Entidades Locais de Galicia. Para solicitar os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel superior deberá ter superado ou validado o curso medio de linguaxe administrativa galega.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 17 de setembro ao 24 de novembro
T02: do 17 de setembro ao 24 de novembro
T03: do 17 de setembro ao 24 de novembro
Prazas: 30 en cada edición

Contido básico:
Contido sinalado no Anexo II Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño de 2011).

Convocatoria:
Resolución do 30 de maio de 2012 (DOG núm. 108, do 7 de xuño).

SUPERIOR DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA. LO12005

Obxectivos:
A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Destinatarios:
Persoal da Deputación Provincial da Coruña. Para solicitar os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel superior deberá ter superado ou validado o curso medio de linguaxe administrativa galega.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 8 de novembro ao 15 de decembro
Prazas: 30

Contido básico:
Contido sinalado no Anexo II Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño)

URBANISMO: LEXISLACIÓN, PLANEAMENTO E EDIFICACIÓN. CV12044

Obxectivos:
Lograr unha maior comprensión da relación entre a lexislación urbanística e sectorial co planeamento e a edificación.

Destinatarios:
Secretarios, arquitectos e persoal técnico da administración local da provincia de Pontevedra que desenvolva as súas funcións na área de urbanismo.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Pontevedra: do 6 ao 8 de novembro
Prazas: 20

Contido básico:
- Lei e urbanismo: as súas diferentes categorías e campos; lexislación urbanística e sectorial.
- Modificación do campo lexislativo-normativo; a súa relación co planeamento e a súa interpretación e a edificación.
- Modulación, modificacións e derrogación do planeamento.
- Réxime transitorio: plan xeral, de desenvolvemento e a edificación.
- Intereses.

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

XESTIÓN DE EQUIPOS DE TRABALLO EN ENTIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS. CV12045

Obxectivos:
Traballar ferramentas e actitudes que permitan desenvolver de xeito integral todo o proceso de creación e desenvolvemento do meu equipo real de traballo. Identificar os meus/nosos puntos fortes e aspectos a mellorar. Aprender a favorecer as sinerxías de equipo. Desenvolver unha capacitación proactiva sobre como ilusionar/ motivar equipos.

Destinatarios:
Traballadores sociais da Administración local da provincia de Pontevedra.

Desenvolvemento:
Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Pontevedra: do 15 ao 19 de outubro
Prazas: 20

Contido básico:
- Análise da situación actual e elección da axenda formativa:
  - Captar, a través de entrevistas cos responsables, o obxectivo último da acción.
  - Coñecer o posto de traballo das persoas, e as esixencias deste, mediante entrevistas cos responsables do programa, e cunha mostra de asistentes.
  - Elaboración de casos.
  - Preparación do manual, exercicios, vídeos e material pedagóxico.
- Desenvolvemento do taller:
  - Que é un equipo?
  - Fases de desenvolvemento.
  - Características dun equipo de alto rendemento.
  - Dirección de reunións.
  - Como mellorar a miña comunicación co equipo.
  - Xestión de conflitos, negociación.
  - Liderado, motivación e estilos de dirección: visión, misión e obxectivos.
  - Planificación do tempo na xestión de equipos.

- Análise das xornadas e liñas de continuidade e mellora:
  - Reunión cos responsables do proxecto.
  - Presentación das conclusións do formador/asistentes.

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

ORZAMENTOS LOCAIS. CV12046

Obxectivos:
Dar a coñecer de forma detallada a nova estrutura do orzamento das entidades locais e anticipar as accións a emprender derivadas da súa entrada en vigor. Divulgar os avances introducidos para mellorar a rendición de información económico-financeira local regulada na lexislación vixente.

Destinatarios:
Técnicos e administrativos da Administración Local da provincia de Pontevedra que desenvolva as súas funcións na área de xestión económica

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Pontevedra: do 23 ao 26 de outubro
Prazas: 20

Contido básico:
- Elaboración
- Execución
- Liquidación

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

XURISDICIÓN CONTENCIOSA. CV12047

Obxectivos:
Afondar no concepto e funcións da xurisdición contencioso-administrativa

Destinatarios:
Empregados públicos da administración local da provincia de Pontevedra, que desenvolvan as súas funcións na área xurídica

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Pontevedra: do 26 ao 29 de novembro
Prazas: 20

Contido básico:

- Procedemento ordinario: iniciación do proceso contencioso administrativo
- Procedemento ordinario: a proba
- Procedemento ordinario: a terminación do proceso
- Procedemento ordinario: o procedemento abreviado
- Recursos ordinarios
- Recursos extraordinarios
- As medidas preventivas
- A execución provisional
- Os procedementos especiais
- O proceso de execución

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. CV12048

Obxectivos:
Exame das causas da posible crise do sistema dende a perspectiva das principais funcións e ámbitos de intervención da administración local

Destinatarios:
Empregados públicos da administración local da provincia de Pontevedra, con responsabilidade no ámbito da xestión patrimonial

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Pontevedra: do 12 ao 15 de novembro
Prazas: 20

Contido básico:
- Responsabilidade patrimonial das administracións públicas no marco da prestación dos servizos públicos
- Responsabilidade patrimonial da administración local no marco da intervención urbanística
- Responsabilidade patrimonial da administración pública durante a execución dos contratos

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

NOVAS PERSPECTIVAS DO PROTOCOLO NA ADMINISTRACIÓN. CV12049

Obxectivos:
Fomentar o protocolo nos concellos da provincia de Pontevedra, formando aos funcionarios que se ocupen desta parcela

Destinatarios:
Persoal da administración local da provincia de pontevedra que desenvolva funcións relacionadas co protocolo

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Pontevedra: do 8 ao 11 de outubro
Prazas: 20

Contido básico:

- Que é o protocolo e de onde procede?
- Estudio do Real Decreto 2091/1983
- Borrador do Real Decreto de Galicia
- Protocolo na Unión Europea
- Organización de eventos de protocolo
- Presidencia, bandeiras, xantares institucionais, etc.
- Organización dun congreso
- Proxecto dun acto protocolario
- Proxecto de organización dunhas xornadas
- Inauguracións
- Proxecto de organización de xantares ou ceas oficiais

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA: O NOVO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO. CV12050

Obxectivos:
Estudar a xestión de contratación de acordo co novo texto refundido de 2011 de contratos do sector público

Destinatarios:
Empregados públicos da administración local da provincia de Pontevedra que traballen no ámbito da contratación

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 2
Lugares e datas:
Pontevedra: do 1 ao 4 de outubro
Pontevedra: do 19 ao 22 de novembro
Prazas: 20 en cada edición

Contido básico:
- Contratos das administracións públicas
- A administración contratante no ámbito local
- O contratista
- Garantías
- Preparación dos contratos da administración
- Procedementos e formas de adxudicación
- Trámites de licitación/adxudicación do contrato
- Efectos e extinción do contrato

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

TALLER DE CREATIVIDADE E INNOVACIÓN. CV12051

Obxectivos:
Reflexionar sobre a importancia e a necesidade de creatividade e innovación nas organizacións de hoxe. Adquirir e practicar as técnicas e habilidades útiles para estimular a creatividade propia e do equipo.

Destinatarios:
Empregados públicos da administración local da provincia de Lugo cuxas funcións estean relacionadas co contido do curso

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Lugo: do 22 ao 26 de outubro
Prazas: 15

Contido básico:

- A creatividade e innovación como resposta aos retos do ámbito: Características das novas organizacións. A mellora da xestión a través de novas formas de organizarse.
- A creatividade: que é e como utilizala?: A creatividade como unha nova forma de pensar e sentir. Perfil do creativo: a súa misión, a súa visión do grupo, as súas prioridades no traballo e as súas estratexias de mellora profesional. Perfil do dinamizador da creatividade. Liderado e estilo de dirección necesarios, pautas de traballo, etc.
- Técnicas para alcanzar o desenvolvemento creativo dos equipos: O pensamento lateral. Técnicas analíticas e sintéticas. A visualización de obxectivos. A tormenta de ideas.
- Metaplan

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

SISTEMA INSTITUCIONAL, O ORDENAMENTO XURÍDICO E A ESTRUTURA INSTITUCIONAL DA UNIÓN EUROPEA. EN LIÑA. CV12052

Obxectivos:
Coñecer cales foron os pasos que levaron á creación desta entidade de carácter supranacional ao seu funcionamento actual e o sistema de institucións que integran a Unión Europea.

Destinatarios:
Técnicos das corporacións locais, axentes de desenvolvemento local, técnicos locais de emprego, orientadores laborais, técnicos de educación, educadores e traballadores sociais da administración local da provincia de Ourense

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Mixta
Edicións: 1
Lugares e datas:
Ourense: do 3 ao 28 de setembro
Prazas: 30

Contido básico:

- A organización da Unión Europea. Tratados constitutivos, modificativos e de adhesión: Tratados orixinarios. Tratados modificativos. Tratados de adhesión.
- O ordenamento xurídico comunitario: Actos xurídicos. Dereito complementario ou outras fontes.
- As institucións comunitarias: Sede das institucións e órganos comunitarios. Consello Europeo. Consello. Parlamento. Comisión. Tribunal de xustiza da Unión Europea.

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

NIVEL BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA CONSTRUCIÓN. CV12053

Obxectivos:
Promover comportamentos seguros e a correcta utilización dos equipos de traballo e protección, e fomentar o interese e a cooperación dos traballadores na acción preventiva. Promover, en particular, as actuacións preventivas básicas, tales como a orde, a limpeza, a sinalización e o mantemento xeral, e efectuar o seu seguimento e control.

Destinatarios:
Operarios das brigadas de conservación de estradas e dos servizos de vías e obras e de cooperación das corporacións da provincia de Ourense.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Mixta
Edicións: 1
Lugares e datas:
Do 1 ao 30 de outubro
Prazas: 20

Contido básico:
- Conceptos básicos sobre seguridade e saúde
- Riscos xerais e a súa prevención
- Riscos específicos e a súa prevención no sector da construción
- Elementos básicos de xestión da prevención de riscos

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

TÉCNICO EN SERVIZOS SOCIOCOMUNITARIOS: DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO. EN LIÑA. CV12054

Obxectivos:
Sintetizar os diversos contidos e experiencias sobre desenvolvemento que nestes últimos anos se xeraron no noso territorio. Comprender o desenvolvemento e o emprego dende unha óptica local, con limitacións orzamentarias e estudio das subvencións públicas así como a súa xustificación e sancións.

Destinatarios:
Persoal técnico da Administración local de Galicia (ADL, técnico en servizos sociocomunitarios, etc.) cuxas funcións estean relacionadas cos contidos do curso

Desenvolvemento:

Duración: 40 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 2 ao 30 de novembro
Prazas: 50

Contido básico:

- Realización do diagnóstico territorial.
- Planificación estratéxica do territorio.
- O desenvolvemento local: análise do territorio, recursos, metodoloxía dos procesos de desenvolvemento local: Técnicas de investigación social. Deseño de proxectos. As subvencións públicas A xestión orzamentaria: as limitacións orzamentarias e de contratación de persoal.
- Elaboración dun diagnóstico: suposto práctico. Economía. Economía e medio. Nova economía. Os novos depósitos de emprego.

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

AXENTE DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. EN LIÑA. CV12055

Obxectivos:
Fomentar a incorporación da muller ao mundo sociolaboral mediante a implementación de accións positivas referidas á igualdade de oportunidades na educación, formación, emprego e, en xeral, en todas as formas de participación cidadán

Destinatarios:
Empregados públicos da Administración local de Galicia, con carácter preferente o persoal que desenvolva as súas funcións no ámbito dos servizos sociais: traballadores sociais, educadores, animadores socioculturais, etc.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 1 de outubro ao 15 de novembro
Prazas: 50

Contido básico:
O/a axente de igualdade. Aspectos legais e políticas en materia de igualdade. problemática das mulleres nos ámbitos persoais, social e laboral. Perspectiva desde a psicoloxía de xénero. Investigación social. Técnicas e procedementos básicos. A acción positiva. Desenvolvemento e avaliación. Técnicas de xestión. Aplicacións prácticas. Discriminación cara á muller. Métodos de análise. Casos prácticos. Asesoramento e consultaría. Técnicas e aplicacións prácticas de prestación de servizos de atención a mulleres. Intervención en contextos específicos. Técnicas de negociación e comunicación. Preparación e dirección de reunións. Dinámica de grupos. Orientación laboral.

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

LEI ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. EN LIÑA. CV12056

Obxectivos:
Ao finalizar o curso, o alumno será capaz de coñecer e entender as directrices e aspectos máis significativos da lei orgánica 15/99 de protección de datos de carácter persoal e o Real Decreto 1720/2007 sobre medidas de seguridade. O alumno poderá xestionar, coordinar e implantar un proxecto de implantación LOPD na organización: Réxime xurídico da axencia de protección de datos. Conceptos básicos. Principios e obrigas como titular dos datos e responsable do ficheiro. Directrices da LOPD. Infraccións e sancións da LOPD. Identificar os ficheiros e o seu nivel de seguridade. Rexistro, modificación e baixa de ficheiros. Redacción da documentación.

Destinatarios:
Persoal técnico e administrativo da Administración local de Galicia que desenvolvan as súas funcións na área xurídica-procedemental.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 1 ao 31 de outubro
Prazas: 50

Contido básico:
- Módulo I: Introdución. Que é a protección de datos? Lexislación e ámbito. Obrigas da entidade en relación á LOPD. Axencia española de protección de datos. Web da AGEPD.
- Módulo II: Exemplo práctico. Directrices. Definicións.
- Módulo III: Artigos relevantes.
- Módulo IV: Preguntas frecuentes na xestión da LOPD. Anexo: dereitos arco.

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. NIVEL AVANZADO. EN LIÑA. CV12057

Obxectivos:
Contribuír a perfeccionar e actualizar os coñecementos e a práctica profesional a nivel xurídico e procedemental do persoal técnico e administrativo ao servizo das entidades públicas. Abordar en profundidade aspectos prácticos da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas

Destinatarios:
Persoal técnico e administrativo dos grupos C1 e C2 da Administración local de Galicia que interveña na tramitación de expedientes administrativos

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 15 de outubro ao 15 de novembro
Prazas: 50

Contido básico:
- A actuación da administración
- Dereitos dos cidadáns
- O acto administrativo
- Eficacia e execución dos actos administrativos
- A invalidez dos actos administrativos
- Procedementos administrativos
- Os interesados
- A estrutura do procedemento
- O silencio administrativo
- Revisión dos actos administrativos

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

O ENDEBEDAMENTO LOCAL E A XESTIÓN ORZAMENTARIA. CV12058

Obxectivos:
Estudio e análise da lei de facendas locais e da estabilidade orzamentaria, e as súas repercusións na administración local, dende o punto de vista da xestión do gasto, execución orzamentaria, e control de endebedamento. Trátase de facer unha revisión práctica da estabilidade orzamentaria, dende a intensa problemática de déficit de recursos locais, así como da excesiva recorrencia aos recursos alleos

Destinatarios:
Persoal técnico e administrativo da Administración local de Galicia que desenvolvan as súas funcións na área económica

Desenvolvemento:
Duración: 25 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 17 ao 26 de setembro
Prazas: 20

Contido básico:
- Contido do expediente orzamentario
- Procedemento de elaboración e aprobación do orzamento local asociado á cuestión de confianza
- Reclamacións e recursos
- As bases de execución do orzamento. Outros documentos que integran o documento orzamentario. A súa aplicación e entrada en vigor. Trámites para a súa modificación. Xurisprudencia
- A estabilidade orzamentaria na aprobación e liquidación do orzamento. Estabilidade orzamentaria nas modificacións orzamentarias
- Exemplos prácticos e supostos

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

REDES SOCIAIS E ADMINISTRACIÓN LOCAL. CV12059

Obxectivos:
Coñecer as posibilidades das redes sociais para os distintos servizos dun municipio. Posta ao día nas distintas ferramentas que as novas tecnoloxías proporcionan á Administración local. Describir e debater sobre os novos conceptos de interactuación cos cidadáns. Dotar de persoal aos concellos cos coñecementos necesarios para o axeitado aproveitamento de todos os recursos electrónicos dispoñibles.

Destinatarios:
Persoal da Administración local de Galicia que desenvolva ou poida desenvolver as súas actividades en áreas susceptibles de utilizar ferramentas electrónicas de comunicación.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 17 ao 26 de setembro
Prazas: 15

Contido básico:

- O "Goberno Aberto": descrición e desenvolvemento:
  - Coñecemento e participación cidadá no labor de goberno.
  - Presenza na rede.
  - Aplicación á administración local.
  - Democracia participativa.
  - Exemplos de aplicación en funcionamento.
- Escenario actual de acceso á información e creación de contidos:
  - Ferramentas físicas.
  - Evolución e futuro.
  - Ferramentas software.
  - Evolución e futuro.
  - Políticas de utilización.
- Redes sociais:
  - Descrición e clasificación das distintas redes sociais.
  - Posibilidades de utilización na administración local.

- Funcionalidade e riscos. Exemplos de utilización.

- O Community Manager:
  - Responsabilidades e tarefas.
  - Aptitudes técnicas.
  - Habilidades sociais.
  - Servizos e ferramentas de produtividade.
  - Ferramentas de monitorización.
  - Normas de conduta.

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

LEXISLACIÓN DO SOLO, URBANISMO E TERRITORIO. CV12060

Obxectivos:
Coñecer a normativa xurídica que articula o plan territorial e urbano. Sistematizar e aplicar os distintos instrumentos e recursos da xestión urbanística dende a perspectiva da normativa vixente. Comprender a actividade administrativa de control e garantía da legalidade urbanística.

Destinatarios:
Secretarios, arquitectos e demais persoal técnico da Administración local de Galicia que desenvolvan as súas funcións na área de urbanismo.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 22 ao 30 de outubro
Prazas: 15

Contido básico:
- Introdución normativa. A ordenación do territorio
- Ordenación e plan urbanístico
- Xestión urbanística
- O réxime de control, garantía e protección. A intervención e disciplina urbanística
- Licenzas

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

TÉCNICAS DE XESTIÓN DE EQUIPOS DE TRABALLO EN ENTIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS. CV12061

Obxectivos:
Traballar ferramentas e actitudes que permitan desenvolver de xeito integral todo o proceso de creación e desenvolvemento do meu equipo real de traballo. Identificar os meus/nosos puntos fortes e aspectos a mellorar. Aprender a favorecer as sinerxías de equipo. Desenvolver unha capacitación proactiva sobre como ilusionar/ motivar equipos.

Destinatarios:
Directores de centros de servizos sociais, traballadores sociais e persoal de servizos sociais da Administración local de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 1 ao 9 de outubro
Prazas: 15

Contido básico:
- Que é un equipo? Fases de desenvolvemento. Características dun equipo de alto rendemento
- Dirección de reunións
- Como mellorar a miña comunicación co equipo. Xestión de conflitos, negociación
- Liderado, motivación e estilos de dirección: visión, misión e obxectivos
- Planificación do tempo na xestión de equipos

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

FORMAS DE PRESTACIÓN, CONTRATACIÓN, CONTROL E AVALIACIÓN DOS SERVIZOS LOCAIS. CV12062

Obxectivos:
Achegar coñecementos prácticos sobre as diversas formas de prestación dos servizos locais, como contratalos eficazmente e como controlalos

Destinatarios:
Directores, xefes de servizo e persoal técnico e administrativo da administración local de Galicia en funcións relacionadas coa organización e contratación de servizos locais.

Desenvolvemento:

Duración: 21 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 3 ao 5 de outubro
Prazas: 20

Contido básico:

- Problemas derivados dunha inadecuada estruturación dos servizos e dunha incorrecta aplicación da lei á contratación externa
- Características, contido e novidades da xestión directa
- Características e contido da xestión indirecta
- A contratación externa na xestión directa e na indirecta
- Aspectos claves para a adxudicación dun bo contrato
- O Seguimento, control e avaliación comeza na preparación do contrato
- Sistemas de seguimento, control e avaliación dos servizos

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

NOVIDADES NA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO. EN LIÑA. CV12063

Obxectivos:
Identificar os aspectos diferenciais da normativa vixente en materia de contratación pública respecto á normativa derrogada. Comprender todos os aspectos procedementais, dende a preparación do contrato ata a súa extinción, prestando especial atención ás novidades lexislativas do devandito procedemento. Operar contractualmente de xeito eficaz e eficiente no novo marco normativo. Cumprir as metas marcadas para os operadores administrativos polo TRLCSP.

Destinatarios:
Persoal técnico e administrativo da Administración local de Galicia que desenvolva as súas funcións na área de contratación.

Desenvolvemento:
Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 2 ao 30 de novembro
Prazas: 50

Contido básico:
- Aspectos introdutorios. Da LCSP ao TRLCSP
- Novidades subxectivas. Os suxeitos na LCSP
- Novidades obxectivas: Introdución. O contrato administrativo. Delimitación dos tipos de contratos. A regulación harmonizada. Outros aspectos de carácter obxectivo. Novidades procedementais (Preparación, publicidade, adxudicación, formalización, e cumprimento, efectos e extinción). Resolución de conflitos: o recurso especial en materia de contratación. Contratación pública electrónica.

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

FONDOS EUROPEOS E XESTIÓN INTERNACIONAL. EN LIÑA. CV12064

Obxectivos:
Dar a coñecer as posibilidades que ofrece a Unión Europea para o desenvolvemento de proxectos europeos, ao tempo que se forma en metodoloxías e mecanismos de xestión para a obtención e a xestión destes fondos.

Destinatarios:
Xestores de proxectos europeos e técnicos especializados en innovación, ambiente e enerxía interesados na internacionalización a través de fondos europeos.

Desenvolvemento:

Duración: 80 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 24 de setembro ao 30 de novembro
Prazas: 20

Contido básico:
- Fondos europeos para o desenvolvemento local e institucional
- Fondos europeos de medio e enerxía
- Fondos europeos de innovación e desenvolvemento tecnolóxico
- Redacción, xestión e participación en proxectos europeos

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

INCIDENCIA DA REFORMA LABORAL NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. EN LIÑA. CV12065

Obxectivos:
Dar a coñecer as distintas medidas incluídas na reforma laboral e a súa incidencia no ámbito da administración.

Destinatarios:
Persoal técnico e administrativo da Administración local de Galicia cuxas funcións estean relacionadas coa xestión dos recursos humanos

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 20 de setembro ao 19 de outubro
Prazas: 50

Contido básico:
- Despedimentos colectivos e suspensión das relacións laborais
- Despedimentos obxectivos e salarios de tramitación
- Medidas en materia de negociación colectiva
- Flexibilidade interna: clasificación profesional, mobilidade funcional e xeográfica, tempo de traballo, modificación substancial das condicións de traballo e conciliación da vida laboral e familiar
- Especialidades nos contratos mercantís e de alta dirección do sector público estatal
- Test final

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

MEDIACIÓN FAMILIAR NA ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES. EN LIÑA. CV12066

Obxectivos:
Dotar os profesionais de estratexias e técnicas de intervención e mediación para a abordaxe de familias con persoas dependentes.

Destinatarios:
Traballadores sociais, mediadores e educadores sociais da Administración local de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 15 de outubro ao 15 de novembro
Prazas: 50

Contido básico:
- Marco legal e protección social á dependencia
- Conceptualización da dependencia: características, perfís e necesidades
- A mediación familiar: concepto e fases
- Técnicas de mediación na intervención con familias con persoas dependentes
- Estratexias para manexar os conflitos familiares
- Experiencias de mediación
- Traballo en rede: mecanismos de coordinación e colaboración cos servizos sociais especializados

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

TALLER DE SUBVENCIÓNS NO ÁMBITO LOCAL. CV12067

Obxectivos:
Contribuír ao diagnóstico preciso sobre a xestión e os estados das subvencións locais. Principais aspectos da xestión económico-financeira das subvencións públicas e a súa fiscalización. Control das subvencións. O control da actividade subvencional desde o punto de vista económico orzamentario. Especial incidencia no procedemento xeral do gasto e o pagamento nas corporacións locais. Gastos obxecto de xustificación. Auditorías externas e internas.

Destinatarios:
Persoal da administración de Galicia que participe na xestión de subvencións

Desenvolvemento:
Duración: 25 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 22 ao 30 de outubro
Prazas: 20

Contido básico:
- Actividade subvencional local
- Procedemento de concesión de subvencións
- Xestión orzamentaria das subvencións concedidas
- Xustificación das subvencións
- Control fiscalizador das subvencións
- Infraccións e sancións
- Xestión orzamentaria das subvencións recibidas
- Aspectos prácticos

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, XESTIÓN E DIFUSIÓN DE BANDA DESEÑADA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS. EN LIÑA. CV12068

Obxectivos:
Coñecer o peso creativo artístico da banda deseñada nas bibliotecas públicas. Adquirir os coñecementos técnicos e as capacidades precisas para desenvolver actividades no ámbito da banda deseñada. Coñecer as políticas desenvolvidas por diferentes entidades no apoio á banda deseñada e ao cómic.

Destinatarios:
Persoal bibliotecario da Administración local de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 2 ao 30 de novembro
Prazas: 25

Contido básico:

- O cómic: Breve historia do cómic: orixes e movementos principais. Xéneros: estilos e impacto nos usuarios das bibliotecas. Algunhas estatísticas sobre a lectura de banda deseñada.
- O cómic na biblioteca: Catálogo de imprescindibles: obras que toda biblioteca ten que ter. Espazos na biblioteca: adaptación ao medio e mobiliarios específicos. Selección e compras. Como catalogamos os cómics. Como colocamos os cómics.
- A dinamización e difusión da lectura de cómic: Actividades e talleres. As TIC como ferramentas de interactuación. Cara á creación dunha comunidade virtual do cómic na túa biblioteca. O manga, o novo fenómeno.

Convocatoria:
Resolución do 4 de xullo de 2012 (DOG núm. 131, do 10 de xullo). Esta actividade formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 25 de maio de 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Escola Galega de Administración Pública.

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

A Administración pública en xeral, e en particular a Administración de Xustiza de Galicia, debe contar cuns servizos áxiles, accesibles e próximos aos cidadáns, que dean resposta ás súas demandas e problemas. Para cumprir este obxectivo, os empregados públicos son o principal activo e deben converterse no factor decisivo para lograr unha Administración máis doada, áxil, eficaz e próxima ao cidadán. Desde esta perspectiva, a Escola Galega de Administración Pública, en colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pretende potenciar **a modernización, a calidade e a profesionalización da Administración de xustiza** a través da formación e o perfeccionamento dos seus empregados públicos.

O plan de formación para o persoal de xustiza para o ano 2012 supuxo **35 edicións formativas, 1560 prazas e 962 horas de duración**, destinadas ao persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Publicación no DOG das convocatorias:

Convocatoria dos cursos de Linguaxe xurídica galega para o persoal que preste servizos dentro da Comunidade Autónoma	DOG núm. 60, do 27 de marzo de 2012
Convocatoria de accións formativas	DOG núm. 152, do 9 de agosto de 2012
Convocatoria dos cursos de Linguaxe xurídica galega para o persoal que preste servizos fóra da Comunidade Autónoma	DOG núm. 231, do 4 de decembro de 2012

A EXECUCIÓN CIVIL. FX12001

Obxectivos:
Afondar no coñecemento dos distintos procedementos da execución civil.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 13 de xaneiro ao 13 de febreiro
T02: do 14 de febreiro ao 14 de marzo
T04: do 16 de marzo ao 16 de maio
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
Introdución. Disposicións xerais relativas á execución: títulos executivos, títulos executivos estranxeiros, partes, tribunal competente, custas da execución. Oposición á execución e impugnación de actos executivos. Suspensión e remate da execución. Execución dineraria: despacho da execución; procedemento de prema. Execución non dineraria: Execución obrigas de dar. Entrega da posesión de inmobles. Execución de sentenzas de desafiuzamento. Execución forzosa específica da obrigación de facer e non facer. Especial referencia á liquidación de indemnizar danos e prexuízos, froitos e rendas. Execución provisional. A oposición á execución. As custas procesuais e a execución forzosa.

Convocatoria:
Resolución do 14 de xuño de 2011 (DOG núm. 117, do 20 de xuño).

A NOVA OFICINA XUDICIAL. FX12002

Obxectivos:
Persegue un coñecemento da normativa e da configuración e estrutura da nova oficina xudicial. Farase mención especial ao uso das novas tecnoloxías como ferramentas de traballo no novo deseño. Búscase que o persoal ao servizo da administración de xustiza teña un coñecemento claro sobre o traballo na nova oficina e busca a súa implicación no uso nas novas ferramentas.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 13 de xaneiro ao 13 de febreiro
T02: do 14 de febreiro ao 14 de marzo
T03: do 15 de marzo ao 16 de abril
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
Introdución: antecedentes e necesidades dun novo modelo. Nova oficina xudicial: concepto da nova oficina xudicial, principios, distribución de competencias. Estrutura básica e implantación: unidades procesuais de apoio directo ao xuíz, servizos comúns xerais, servizos comúns de ordenación do procedemento, servizos comúns de execución. Unidades técnico administrativas nos edificios xudiciais e unidades de apoio a presidencias de tribunais e decanatos dos xulgados.

Convocatoria:
Resolución do 14 de xuño de 2011 (DOG núm. 117, do 20 de xuño).

DEREITO CIVIL DE GALICIA. FX12003

Obxectivos:
Coñecer a relevancia histórica do dereito civil galego. Da Lei 4/1995 de 24 de Maio á Lei 2/2006, de 14 de Xuño. As fontes do Dereito Civil de Galicia. Coñecer as institucións propias do Dereito Civil galego. Dereito de familia, dereitos reais e dereito de sucesión no sistema civil galego.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:
Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 13 de xaneiro ao 13 de febreiro
Prazas: 60

Contido básico:
- Sistema normativo
- Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia
- Especial mención á sucesión por causa de morte no dereito foral galego.

Convocatoria:
Resolución do 14 de xuño de 2011 (DOG núm. 117, do 20 de xuño).

FORMACIÓN SOBRE O TRABALLO NOS SERVIZOS COMÚNS XERAIS. FX12004

Obxectivos:
Coñecer a organización e funcionamento dos servizos comúns.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 13 de xaneiro ao 13 de febreiro
T02: do 14 de febreiro ao 14 de marzo
T03: do 15 de marzo ao 16 de abril
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
Concepto, deseño, creación e organización. Funcións: rexistro e reparto, actos de comunicación, execución de resolucións, outras funcións de auxilio xudicial. Referencia aos servizos comúns de ordenación do procedemento e os servizos comúns de execución.

Convocatoria:
Resolución do 14 de xuño de 2011 (DOG núm. 117, do 20 de xuño).

LINGUA INGLESA. FX12005

Obxectivos:
Proporcionar o coñecemento e as habilidades de comunicación dos empregados da administración en lingua inglesa, perante o emprego das novas tecnoloxías.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 80 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 16 de xaneiro ao 16 de abril
Prazas: 50

Contido básico:
Level A1 - BASICO: Presente verbo 'to be' 'To have',this, that, alfabeto, Pronomes persoais, what, where, who, and e but, 'there is/are' here, there, números, Presente simple, imperative.
Level A2 - BASICO: Pasado verbo 'to be' e verbos regulares, 'there was/were', 'How many…?, Números ordinais e cardinais, comparacións, Presente continuo, a/an, some, any, both, enough, many, few, a lot (of), to go + infinitivo.
Level B1 - INTERMEDIO: Present perfect, since' y 'for', 'gone' y 'been', 'a lot of', 'enough' y 'too many', - 'just', 'already', 'yet' y 'still'. 'how long…?' 'How many…?', 'must' y 'must not', consellos e suxestións: 'should', comparativos y superlativos, condicionais I y II.
Level B2 - AVANZADO: Present perfect, 'so' e 'such', Infinitivo, xerundio, estilo indirecto, wish e if only, condicionais tipo III, abreviacións e acrónimos, estilo indirecto, voz pasiva
Level C1 - EXPERTO: Pronomes e verbos reflexivos, 'used to', futuro perfecto, adxectivos, sinónimos e antónimos, preposicións, estilo indirecto, xerundios e infinitivos.

Convocatoria:
Resolución do 14 de xuño de 2011 (DOG núm. 117, do 20 de xuño).

VISIÓN XERAL DAS TIC NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA. FX12006

Obxectivos:
Coñecemento xeral do estado de desenvolvemento das TIC no ámbito da Administración de xustiza. Regulamentación e recomendacións de uso axeitado dos sistemas. Coñecemento especializado no seu ámbito de actuación. Coñecemento xeral de conceptos de administración electrónica.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 6
Lugares e datas:
A Coruña: do 9 ao 16 de xaneiro
A Coruña: do 14 ao 21 de marzo
Lugo: do 17 ao 24 de xaneiro
Ourense: do 25 de xaneiro ao 1 de febreiro
Ourense: do 10 ao 17 de abril
Vigo: do 27 de febreiro ao 5 de marzo
Prazas: 20 en cada edición

Contido básico:
- Sesión 1: Introdución aos sistemas de información da administración de Xustiza.
- Sesión 2: LOPD e Boas prácticas xerais na administración de Xustiza de Galicia.
- Sesión 3: Sistemas de información no ámbito da administración de Xustiza (I).
- Sesión 4: Sistemas de información no ámbito da administración de Xustiza (II).
- Sesión 5: Sistemas no ámbito da administración de Xustiza (III) e Ferramentas do posto de traballo da oficina xudicial.

Convocatoria:
Resolución do 14 de xuño de 2011 (DOG núm. 117, do 20 de xuño).

MEDIO DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA. FX12007

Obxectivos:
A capacitación lingüística dos destinatarios.

Destinatarios:
Os cursos van dirixidos a xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais, médicos forenses, funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza e persoal laboral con destino nos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia; a letrados da Xunta de Galicia; a notarios, rexistradores da propiedade, avogados, procuradores e alumnos da Escola de Práctica Xurídica de Galicia; a profesores de linguaxe de signos e persoas incluídas nas bolsas de traballo para o nomeamento de funcionarios interinos da Administración de xustiza; así como tamén a aquelas persoas que acrediten ter superado o proceso selectivo para o ingreso nos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 23 de abril ao 17 de xuño
Prazas: 30

Contido básico:
Anexo III da Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

Convocatoria:
Resolución do 22 de marzo de 2012 (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

SUPERIOR DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA. FX12010

Obxectivos:
A capacitación lingüística dos destinatarios.

Destinatarios:
Os cursos van dirixidos a xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais, médicos forenses, funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza e persoal laboral con destino nos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia; a letrados da Xunta de Galicia; a notarios, rexistradores da propiedade, avogados, procuradores e alumnos da Escola de Práctica Xurídica de Galicia; a profesores de linguaxe de signos e persoas incluídas nas bolsas de traballo para o nomeamento de funcionarios interinos da Administración de xustiza; así como tamén a aquelas persoas que acrediten ter superado o proceso selectivo para o ingreso nos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 10 de setembro ao 4 de novembro
Prazas: 30

Contido básico:
Anexo IV da Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

Convocatoria:
Resolución do 22 de marzo de 2012 (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

A EXECUCIÓN CIVIL. FX12015

Obxectivos:
Profundar no coñecemento dos distintos procedementos da execución civil.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 2 ao 29 de outubro
T02: do 29 de outubro ao 24 de novembro
T03: do 31 de outubro ao 27 de novembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

- A execución monetaria: Consideracións xerais sobre a execución monetaria. Despacho da execución.
- Outras execucións: execucións non monetarias: Execucións non monetarias: Concepto. A execución da sentencia de desafiuzamento. A entrega de cousas. As condenas de facer. Condenas a emitir unha declaración de vontade.
- Formas de terminación da execución civil:
- Embargo de bens: Concepto, natureza e requisitos do embargo. Órgano, práctica e garantías do embargo. Obxecto do embargo:bens non embargables. Mellora e redución do embargo. O reembargo. O embargo de sobrante.
- Realización dos bens embargados: Valoración dos bens embargados. O convenio de realización e a realización por persoa ou entidade especializada. A poxa. A poxa de bens mobles A poxa de bens inmobles.
- As costas do proceso de execución.
- O proceso especial de execución hipotecaria.

Convocatoria:
Resolución do 30 de xullo de 2012 (DOG núm. 152, do 9 de agosto).

PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS EN MATERIA DE PROCEDEMENTO CIVIL. FX12016

Obxectivos:
Coñecer as reformas operadas no proceso civil. Analizar as principais reformas en materia de procesos declarativos: a nova regulación do desafiuzamento. Coñecer as reformas en materia de execución así como as modificacións do proceso monitorio.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 15 de outubro ao 12 de novembro
T02: do 31 de outubro ao 27 de novembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
- Actos de comunicación polos procuradores.
- Unha nova regulación do desafiuzamento.
- Novidades en materia de recursos.
- Novidades no proceso de execución.
- As execucións hipotecarias.
- Poxas.
- O proceso monitorio.

Convocatoria:
Resolución do 30 de xullo de 2012 (DOG núm. 152, do 9 de agosto).

A EXECUCIÓN PENAL. ANÁLISE DAS NORMAS DE APLICACIÓN. GUÍAS DE TRAMITACIÓN. FX12019

Obxectivos:
Dotar os destinatarios do curso das ferramentas teórico prácticas que lles permitan o desenvolvemento dos labores propios da execución penal. Achegar esquemas procesuais que permitirán visualizar graficamente o complexo mundo da execución penal. Inclúe un enfoque práctico facilitándolle ao alumno as guías de tramitación ordinarias da aplicación informática de xestión procesual. Reforzar a aprendizaxe da materia proposta mediante a realización de casos prácticos.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 2 ao 29 de outubro
T02: do 9 de outubro ao 5 de novembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
- Formulación xeral da execución en materia penal.
- Estudo das normas de aplicación á execución penal.
- A execución dos diferentes tipos de penas da nosa vixente lexislación.
- A execución das penas privativas de liberdade.
- A execución das penas de multa.
- A execución de penas privativas doutros dereitos.
- Normas de execución especificas contidas na LECRIM nos demais procesos penais.
- Estudo dos principais recursos en materia de execución de penas.

Convocatoria:
Resolución do 30 de xullo de 2012 (DOG núm. 152, do 9 de agosto).

XULGADOS DE GARDA E XULGADOS DE INSTRUCIÓN. XESTIÓN DO SERVIZO DE GARDA. FX12020

Obxectivos:
Proporcionar coñecementos específicos de xestión procesual e desde un punto de vista práctico das dilixencias a practicar e preparación dos xuízos ante os Xulgados de Garda; referencia a procedementos especiais relativas a menores, estranxeiros e vítimas de violencia doméstica.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 5 de outubro ao 5 de novembro
T02: do 25 de outubro ao 25 de novembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
Rexistro e incoación de procesos: sumarios, dilixencias urxentes, dilixencias previas e procedemento ante o Tribunal do Xurado; casos nos que procede a súa incoación e actuacións durante a garda. Preparación e documentación das comparecencias ante o xulgado de garda: a comparecencia dos xuízos rápidos e os xuízos de faltas inmediatos.

Convocatoria:
Resolución do 30 de xullo de 2012 (DOG núm. 152, do 9 de agosto).

VIOLENCIA DE XÉNERO E FAMILIAR. TRAMITACIÓN. FX12021

Obxectivos:
Este curso conta cun obxectivo xeral que é coñecer os principais instrumentos institucionais e lexislativos adoptados no marco autonómico e nacional como resposta á violencia doméstica. Esta finalidade concrétase intentado acadar os seguintes obxectivos específicos: Estudar os tipos penais mas característicos da violencia de xénero. Distinguir en que asuntos é competente un Xulgado de Violencia sobre a Muller. Coñecer cales son os procedementos perante este Xulgado e como se tramitan. Saber que medidas xudiciais de protección e seguridade poden ser adoptadas a favor das vítimas

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 5 de outubro ao 5 de novembro
T02: do 25 de outubro ao 25 de novembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
- Cuestións xerais sobre o problema da violencia doméstica á violencia de xénero.
- Lei Orgánica 1/2004, integral de medidas de protección contra a violencia de xénero e a Lei Galega 11/2007 para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.
- Resposta penal: os delitos e as faltas.
- Os xulgados de violencia sobre a muller.
- Tramitación dos procedementos perante o xulgado de violencia sobre a muller.
- Medidas xudiciais de protección e seguridade das vítimas.

Convocatoria:
Resolución do 30 de xullo de 2012 (DOG núm. 152, do 9 de agosto).

MÓDULO I: A LEXISLACIÓN SOCIAL: PRINCIPAIS NOVIDADES NORMATIVAS. FX12023

Obxectivos:
O dereito de traballo e a seguridade social son materias que precisan continuos cambios, para adaptarse á realidade do mundo empresarial, da globalización da economía e ás necesidades de protección dos traballadores.
Este cambio normativo ten sido continuo nos últimos tempos. O obxecto deste curso é afondar no estudo do Real Decreto Lei 3/2012, de 10 de febreiro, que introduce profundos cambios na anterior regulación, en materias tan sensibles como: o despido; as extincións de contrato por causas obxectivas, tanto individuais, como colectivas; a contratación temporal; a negociación colectiva, etc.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:
Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 15 de outubro ao 12 de novembro
T02: do 31 de outubro ao 26 de novembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
TEMA 1.- Formación profesional. Contrato para a formación e o aprendizaxe. Contrato de traballo por tempo indefinido de apoio aos emprendedores. Contrato a tempo parcial. Traballo a distancia.
TEMA 2.- Clasificación profesional. Tempo de traballo. Mobilidade funcional. Mobilidade xeográfica. Modificación substancial de condicións de traballo. Suspensión do contrato o redución da xornada por causas económicas, técnicas, organizativa ou de produción ou derivadas de forza maior.
TEMA 3.- Negociación colectiva. Prevalencia de convenios. Non aplicación de convenios. Duración e ultraactividade do convenio.
TEMA 4.- Despedimentos obxectivos individuais e colectivos. Cualificación e consecuencias do despido disciplinario. Responsabilidade do Fondo de Garantía

Salarial.
TEMA 5.- Competencia dos órganos da Xurisdición Social, en materia de despedimentos colectivos. Evitación do proceso. Procedemento en materia de despedimentos colectivos. Procedemento en materia de mobilidade xeográfica, modificacións substanciais de condicións de traballo, suspensión do contrato e redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivadas de forza maior. Recursos.

Convocatoria:
Resolución do 30 de xullo de 2012 (DOG núm. 152, do 9 de agosto).

A VALORACIÓN DO DANO CORPORAL DA PATOLOXÍA DO OMBREIRO. FX12025

Obxectivos:
Adquisición de coñecementos sobre a patoloxía traumática de ombreiro: mecanismos de produción, medios diagnósticos, prognóstico, valoración de posibles secuelas e o estudo do estado anterior (diagnóstico diferencial e influencia sobre as posibles patoloxías). Adquisición de coñecementos sobre a elección e interpretación das probas de imaxe de elección segundo a patoloxía a estudo. Adquisición de coñecementos teórico-prácticos para a correcta exploración do ombreiro. Adquisición de coñecementos que axuden a identificar a posible simulación/exaxeración. Adquisición de coñecementos e instrumentos para unha correcta aplicación dos baremos (tráfico, incapacidades,etc.). Adquisición de coñecementos para valorar a repercusión das patoloxías de ombreiro nas distintas actividades a realizar polos pacientes (ámbitos cotián, socio-familiar, laboral).

Destinatarios:
Médicos Forenses da Administración de Xustiza de Galicia.

Desenvolvemento:
Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela:
Prazas: 30

Contido básico:
- Técnicas para a correcta exploración de ombreiro. Datos de interese na exploración.
- Probas de imaxe na patoloxía traumática de cintura escapular: técnicas de elección segundo a patoloxía e interpretación das mesmas.
- Lesións traumáticas de partes óseas de cintura escapular: clavícula, escápula e epífise proximal de úmero: estudo das distintas patoloxías, tratamento, prognóstico, influencia do estado anterior, e posibles secuelas.
- Lesións traumáticas de partes brandas de cintura escapular: luxacións, escordaduras, lesións tendinosas e outras lesións de partes brandas: estudo das distintas patoloxías, tratamento, prognóstico, influencia do estado anterior, e posibles secuelas.
- Mecanismos de produción das lesións traumáticas de cintura escapular.

- Valoración do dano corporal: cuestiones de interese e baremo de tráfico.
- Valoración do dano corporal: repercusión nas distintas actividades básicas da vida diaria; no ámbito socio-familiar e no ámbito laboral (baremos de incapacidades, outros baremos).

Convocatoria:
Resolución do 30 de xullo de 2012 (DOG núm. 152, do 9 de agosto).

CERTIFICADO DIXITAL. FX12027

Obxectivos:
Coñecer e aprender a usar os servizos dispoñibles para a súa utilización co certificación dixital. Saber en que consiste o proxecto CERES e os seus obxectivos, ademais de aprender a utilizar un certificado dixital. O curso ten unha parte práctica, para a que é precisa a obtención dun certificado dixital, imprescindible para a súa superación, o cal se obterá mediante solicitude á FNMT e acudindo a algunha oficina autorizada da Consellería de Facenda para acreditar a súa identidade.

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 31 de outubro ao 26 de novembro
Prazas: 50

Contido básico:
- ¿Qué é a certificación dixital
- A obtención do certificado dixital
- Tipos de certificado dixital
- Tarxeta de empregado público (especial referencia á tarxeta identificativa do persoal ao servizo da Administración de Xustiza)
- Os servizos telemáticos e renovación
- As modificacións dos datos persoais e comprobacións
- Atención aos usuarios e revogación
- Uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza (referencia á Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza.

Convocatoria:
Resolución do 30 de xullo de 2012 (DOG núm. 152, do 9 de agosto).

INFORMÁTICA BÁSICA. FX12028

Obxectivos:
Coñecemento xeral das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), con especial referencia aos sistema informáticos e ás redes de telecomunicación. Conceptos sobre a aplicación da informática no ámbito da administración de Xustiza: visión ética das TIC. Aplicación das TIC ao desempeño profesional: o procesador de textos Word 2010 (edición e formatado, imaxes e táboas).

Destinatarios:
Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:
Duración: 25 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 15 de outubro ao 12 de novembro
T02: do 31 de outubro ao 26 de novembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
1. Informática e Dereito:
- Introdución aos sistemas de información e ás redes de comunicacións: Concepto de sistema. Sistemas de Información. Sistemas informáticos. Conceptos básicos de redes de telecomunicacións. Normalización das redes de comunicacións. Conceptos sobre redes.
- Fundamentos éticos e xurídicos das TIC: Concepto de ética. Visión ética das TIC. Informática xudicial vs Dereito informático. Protección xurídica do software. Formatos abertos vs pechados. Tipos de delitos informáticos. Riscos no uso de Internet. Comercio electrónico. Validez dos documentos electrónicos. Protección de datos de carácter persoal.
2. Microsoft Word 2010:
- Módulo I: Introdución a Microsoft Word 2010.- Portada. Obxectivos. Introdución. Executar Word. A contorna de traballo: A folla de papel, a barra de título, a barra de ferramentas de acceso rápido, os botóns de control de xanela, fita de opcións, barra de desprazamento, barras de regra, barra de estado. Novo

Documento. Abrir un Documento. Gardar un Documento.

- Módulo II: Introdución e edición de Texto.- Obxectivos. Inserción de texto. Eliminar texto. Desprazamento polo documento. Seleccionar texto. Cortar, copiar e colar. Buscar e substituír. Desfacer e refacer.
- Módulo III: Formatado do texto no documento.- Obxectivos. Formatos de carácter. Formatos de parágrafo. Aliñamento. Sangrías e espazamento. Bordos e cor de fondo. Numeración e viñetas. Temas, estilos e táboa de contidos.
- Módulo IV: Manexo de imaxes no texto.- Obxectivos. Inserir imaxe dende arquivo. Inserir imaxes predeseñadas. Capturar unha pantalla. Modificar tamaño, rotación e escala. Recortar. Posición. Axustar texto. Estilos rápidos. Bordos e efectos de imaxe. Axuste de formato. Práctica.
- Módulo V: Configuración e formatado de páxina.- Obxectivos. Deseño de páxina. Seccións. Cabeceira e pé de páxina. Columnas. Imprimir un documento.
- Módulo VI: Táboas.- Obxectivos. Tabulacións. Cadro de diálogo de tabulacións. Táboas. Filas, columnas e celas. Seleccionar cela. Seleccionar filas e columnas. Mover e modificar a táboa. Estilos, Bordos e sombreado. Inserir contido. Combinar e dividir celas. Tamaño das celas. Aliñamento horizontal e vertical. Orientación do texto. Marxes das celas.

Convocatoria:
Resolución do 30 de xullo de 2012 (DOG núm. 152, do 9 de agosto).

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

A Escola Galega de Administración Pública, de acordo coa súa función de promover a investigación, a documentación e o debate en materias relacionadas coas administracións públicas leva a cabo, por si soa ou coa colaboración doutros organismos, numerosas actividades de divulgación a través de seminarios, xornadas ou conferencias.

Deste xeito, a EGAP segue a fomentar as actividades formativas e divulgativas relacionadas co eido administrativo que vaian destinadas aos interesados en xeral, para, deste xeito, transcender o seu papel de centro formativo para empregados públicos e conseguir, a través da súa función de foro de debate, unha maior aproximación entre o contorno público e profesional.

Neste senso, durante 2012 puxéronse en marcha xornadas que axudaron a formar, divulgar e debater sobre os aspectos que, de forma máis determinante, incidiron no contexto social, político e económico actual. Estas actividades aspiran a converterse nun referente dentro do ámbito da formación e divulgación pública, dando cabida ás últimas novidades normativas de xeito áxil, da man dos mellores profesionais na materia e cunha metodoloxía baseada na combinación de sesións teóricas e prácticas.

XORNADA SOBRE NORMATIVA URBANÍSTICA PARA CARGOS ELECTOS. PU12002

Obxectivos:
Proporcionar información aos cargos electos e directivos das entidades locais en materia de ordenación do territorio e urbanismo, con especial incidencia na normativa recentemente promulgada.

Destinatarios:
Alcaldes, concelleiros e persoal directivo de entidades locais.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 15 de febreiro
Prazas: 250

Contido básico:

- Distribución de competencias urbanísticas entre as Administracións Públicas implicadas. O planeamento municipal e a colaboración coas Entidades Locais.
- As novidades lexislativas en materia urbanística e de ordenación do territorio: especial referencia ás instrucións da Lei de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUG).
- Réxime urbanístico da propiedade do solo: principios xerais. Os conceptos de clasificación, cualificación urbanística e as situacións básicas do solo.
- As obras sen licenza ou sen autorización autonómica. A suspensión de obras en execución. A acción de reposición da legalidade urbanística. O procedemento administrativo. Outras actividades sen licenza ou sen autorización autonómica.
- As infraccións e sancións urbanísticas. Persoas responsables. Sancións. Prescrición. Procedemento administrativo sancionador.
- Medios de reacción penais contras as irregularidades urbanísticas. As condenas penais, tipos e repercusións.

Convocatoria:
Resolución do 27 de xaneiro de 2012 (DOG núm. 25, do 6 de febreiro).

IX FORO INTERNACIONAL SOBRE AVALIACIÓN DA CALIDADE DA INVESTIGACIÓN E DA EDUCACIÓN SUPERIOR (FECIES). PU12003

Obxectivos:
O Foro pretende cubrir unha oferta de formación especializada segundo os seguintes obxectivos:
- Coñecer a nova organización das ensinanzas universitarias.
- Analizar e debater sobre a selección do profesorado contratado e funcionario.
- Posta ao día da situación actual do proceso de Converxencia Europea en España e na Unión Europea.
- Coñecer os distintos plans que teñen as universidades españolas para potenciar a investigación, a calidade e a Converxencia Europea.
- Coñecer as distintas ferramentas para avaliar a calidade da investigación científica.

Desenvolvemento:
Duración: 30 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 12 ao 15 de xuño
Prazas: 286

Contido básico:
- Utilidade e aplicacións do índice H para avaliar investigadores e institucións
- New appoaches to the assesment of scientific research
- Criterios para elaborar ranking internacionais
- A Acsug, garantía de calidade universitaria
- Como avaliar de maneira obxectiva o alumnado
- Como avaliar a calidade da docencia
- Criteria and selection process of journals in the journal citation reports.
- Scopus content selection and the relevancy of being included in Scopus
- Que é e como se emprega Redalyc
- Uso de Scopus e Scival para avaliar investigadores e revisores de proxectos
- Que é e como empregar Web o Science (ISI)
- Como optimizar o proceso de acreditación a cátedra da Universidade no ámbito das Ciencias sociais e da educación
- Como xustificar os sexenios e a acreditación de profesores
- Indicadores da calidade dos libros e das revistas ns ciencias xurídicas, sociais e humanas
- Como elaborar e redactar un proxecto de investigación

- Como preparar un proxecto de investigación para a UE: como pasar dunha idea a ter un proxecto do Programa Marco
- Como escribir un artigo científico
- Como implantar e certificar un sistema de xestión de calidade na universidade
- Como preparar un programa de doutoramento para a mención de excelencia
- A xestión da calidade apra PAS de universidade

XORNADA SOBRE AS INSTRUCIÓNS DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 9/2002, DE 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E DO MEDIO RURAL DE GALICIA, NA REDACCIÓN. PU12004

Obxectivos:
Difundir as 4 instrucións de desenvolvemento da LOUG, requisitos, o seu procedemento para facelas efectivas, e efectos.

Destinatarios:
Arquitectos, técnicos das diferentes Administracións Públicas vinculados co urbanismo e interesados en xeral.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 2 de marzo
Prazas: 298

Contido básico:

- Instrución 1/2011, do 12 de abril, para a aplicación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Instrución 2/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.
- Instrución 3/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria décimo terceira da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na redacción dada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo.
- Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Convocatoria:
Resolución do 15 de febreiro de 2012 (DOG núm. 39, do 24 de febreiro).

XORNADAS SOBRE PROTECCIÓN XURÍDICA E DISCAPACIDADE. PU12006

Obxectivos:
O obxectivo destas xornadas é facilitarlles aos profesionais vinculados á discapacidade, en maior ou menor medida, desde un ou outro ámbito de actuación, coñecementos actualizados sobre a protección xurídica das persoas con discapacidade conforme á Convención; así como crear un foro de encontro e intercambio das entidades e profesionais que en Galicia dirixen a súa actividade ás persoas con capacidade modificada xudicialmente asumindo medidas de apoio e protección (fundamentalmente, entidades tutelares). Poden destacarse, por tanto, como principais obxectivos destas xornadas os seguintes: Actualizar os coñecementos dos profesionais e entidades vinculadas ao sector en base ás últimas modificacións xurídicas que afectan á discapacidade, en especial por mor da Convención Internacional de Dereitos de Nova York. Mellorar as competencias dos profesionais no ámbito da protección xurídica á discapacidade. Facilitar información sobre modelos para o exercicio de medidas de protección xurídica desde entidades tutelares. Propiciar un punto de encontro entre o ámbito xurídico e o da discapacidade no que se aborden as cuestións relativas á protección xurídica.

Destinatarios:
Profesionais, tanto do ámbito da atención a colectivos desfavorecidos como do ámbito xurídico. Entidades vinculadas á atención a colectivos desfavorecidos, especialmente ao ámbito da discapacidade. Entidades e profesionais vinculados ao exercicio de medidas de protección xurídica. Profesionais e interesados en xeral.

Desenvolvemento:
Duración: 7 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 3 e 4 de maio
Prazas: 280

Contido básico:
Xoves, 3 de maio
- A Convención Internacional de Dereitos das persoas con discapacidade
- O proceso sobre a capacidade das persoas desde o punto de vista xurídico
- Mesa redonda: A capacidade das persoas e a súa vinculación no proceso de atención desde os centros e servizos de atención á dependencia

Venres, 4 de maio

- O exercicio de medidas de protección para persoas con discapacidade desde as institucións tutelares: Fundación tutelar de Persoas con Enfermidade Mental, FECLEM
- O exercicio de medidas de protección desde unha institución tutelar pública: Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, FUNGA
- Presentación de entidades tutelares en Galicia

Convocatoria:
Resolución do 29 de marzo de 2012 (DOG núm. 70, do 12 de abril).

XORNADA SOBRE A HORA DA XURISDICIÓN VOLUNTARIA. PU12007

Obxectivos:
Redefinir a xurisdición voluntaria. Desxudicializar os procedementos que non teñan contido xurisdicional. Establecer un procedemento xudicial xeneral garantista. Determinar os procedementos xudiciais con reserva xurisdicional. Redistribuír competencias no seo do órgano xurisdicional. Determinar os procedementos que se desxudicialicen e que se atribúan a notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
Desregular os procedementos obsoletos. Determinar o papel dos secretarios xudiciais na xurisdición voluntaria. Fixar o papel dos avogados e procuradores na xurisdición voluntaria.

Destinatarios:
Empregados públicos das administracións públicas de Galicia, xuíces e maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais, notarios, rexistradores da propiedade e mercantís, avogados, procuradores, profesores universitarios e alumnos das universidades do sistema universitario de Galicia e interesados en xeral.

Desenvolvemento:
Duración: 7 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 14 de maio
Prazas: 285

Contido básico:
- O novo perfil da xurisdición voluntaria
- O procedemento de mediación: a mediación familiar
- Procura e xurisdición voluntaria
- Competencias rexistrais e xurisdición voluntaria
- Competencias notariais e xurisdición voluntaria
- Xurisdición voluntaria e reserva xudicial
- A función dos secretarios xudiciais na xurisdición voluntaria

Convocatoria:
Resolución do 12 de abril de 2012 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

XORNADA SOBRE A LEI 3/2012, DO 2 DE ABRIL, DO DEPORTE DE GALICIA. PU12010

Obxectivos:
Dar a coñecer a nova Lei do deporte galego, Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. A xornada fará especial fincapé nas principais novidades da norma de recente publicación, en aspectos tales como as competencias das Administracións públicas, as entidades deportivas, a xustiza deportiva, a protección da saúde dos deportistas e loita contra a dopaxe e a loita contra as condutas contrarias á orde deportiva, entre outras materias. Así mesmo, propiciarase un punto de encontro entre o ámbito xurídico e os axentes da actividade deportiva, no que se aborden as cuestións contempladas pola nova Lei. Desta maneira, a xornada ten por principais obxectivos: Facilitar información sobre a nova Lei do deporte galego, Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. Actualizar os coñecementos dos profesionais e entidades vinculadas ao ámbito deportivo tras a entrada en vigor da norma, mellorándose as competencias de devanditos profesionais e entidades.

Destinatarios:
Axentes da actividade deportiva. Profesionais do dereito relacionados coa actividade deportiva. Profesionais e interesados en xeral na materia.

Desenvolvemento:

Duración: 4 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 30 de maio
Prazas: 298

Contido básico:
- ConferOs principais eixes regulatorios da nova Lei do deporte de Galicia.
- A protección da saúde do deportista e a loita contra as condutas contrarias á boa orde deportiva: as regulamentacións galega, estatal e internacional.
- O deporte galego e os seus axentes ante a nova Lei

Convocatoria:
Resolución do 25 de abril de 2012 (DOG núm. 92, do 15 de maio).

XORNADAS NACIONAIS DE DEFENSA DA COMPETENCIA: COMPETENCIA E PROTECCIÓN DE CONSUMIDORES. PU12011

Obxectivos:
Analizar as cuestións que suscita a protección dos consumidores por prácticas contrarias á libre competencia e a necesaria resposta institucional para dotarse de mecanismos eficientes de reacción e solución de conflitos.

Destinatarios:
Membros das Autoridades da competencia españolas, funcionarios dás distintas administracións públicas, empresarios, profesionais liberais e membros da comunidade académica.

Desenvolvemento:
Duración: 10 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 24 e 25 de maio
Prazas: 280

Contido básico:
Xoves, 24 de maio
- Competition Law, Globalization and Europe?
- Marco institucional da protección do consumidor e a defensa da competencia
- A perspectiva do consumidor na investigación dos ilícitos anticompetitivos
- O benestar do consumidor como paradigma do Dereito da competencia

Venres, 25 de maio
- Regulación comercial, libre competencia e protección dos consumidores
- A indemnización dos danos e prexuízos causados ao consumidor por unha infracción da lexislación de competencia

Convocatoria:
Resolución do 4 de maio de 2012 (DOG núm. 92, do 15 de maio).

ACTOS EN CONMEMORACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. PU12012

Obxectivos:
A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2012 ao xurista, político galeguista, empresario e tamén ensaísta e poeta Valentín Paz Andrade (Pontevedra, 1898 - Vigo, 1987). Por este motivo, a EGAP, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste galego insigne organizando un acto literario, así coma unha viaxe de interese cultural polos escenarios nos que se desenvolveu boa parte da vida de Valentín Paz Andrade.

Destinatarios:
No acto literario poderá participar o persoal das administracións públicas e calquera outra persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 40 prazas). No caso de presentárense máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 22 de maio

Convocatoria:
Resolución do 8 de maio de 2012 (DOG núm. 92, do 15 de maio).

XORNADA SOBRE RÉXIME XURÍDICO DO SOLO RÚSTICO E SOLO DE NÚCLEO RURAL. PU12013

Obxectivos:
Difundir as novidades lexislativas en materia de urbanismo en relación ao réxime xurídico do solo rústico e solo de núcleo rural e analizar a problemática que xera a súa aplicación.

Destinatarios:
Arquitectos, técnicos das diferentes administracións públicas vinculados co urbanismo e interesados en xeral.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 5 de xuño
Prazas: 298

Contido básico:

- Posibilidades edificatorias en solo rústico.
- Problemática en solo rústico: segregacións, parcelacións, legalizacións.
- Solo rústico e normativa sectorial: distancia a plantacións, augas, patrimonio histórico-artístico.
- Tipificación do solo de núcleo rural.
- Mesa redonda sobre a problemática de actuación sobre solo rústico.

Convocatoria:
Resolución do 22 de maio de 2012 (DOG núm. 100, do 28 de maio de 2012).

XORNADA SOBRE A INTEROPERABILIDADE E GOBERNO ABERTO: DOUS RETOS DE FUTURO PARA AS AA.PP. DE GALICIA. PU12014

Obxectivos:
As tecnoloxías están revolucionando a administración pública tanto na forma de relacionarse cos cidadáns como entre as propias administracións. As novas normativas están sendo un motor de transformación que á vez que obrigan ás administracións, adáptanse a este cambio tecnolóxico e ás demandas dos cidadáns. Hai por iso dúas liñas de actuación a desenvolver nos próximos anos nas administracións públicas de Galicia: a Interoperabilidade e o Goberno Aberto.
INTEROPERABILIDADE: A obrigatoriedade da aplicación do Esquema Nacional de Interoperabilidade (RD. 4 /2010) busca a mellora da interacción e comunicación entre as administracións para dar mellores e máis seguros e áxiles servizos aos cidadáns á vez que conseguir xerar aforros e eficiencia na xestión.
GOBERNO ABERTO: A necesidade de atender a unha crecente demanda pola sociedade civil de transparencia e información que permita un maior control da xestión pública, unha maior participación cidadá e unha explotación eficiente da información pública posta ao servizo da sociedade. A futura Lei de transparencia e bo goberno será un motor de cambio na forma de relacionarse cos cidadáns.

Destinatarios:
Responsables políticos e técnicos, de organización, informática e comunicacións, participación cidadá, estudos, así como secretarios e interventores das diferentes administracións de Galicia. Xornada gratuíta e aberta só ao sector público. Aforamento limitado.

Desenvolvemento:
Duración: 6 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 30 de maio
Prazas: 285

Contido básico:
- Primeira Sesión: INTEROPERABILIDADE
- Sistema de Información de Xestión Documental para o cumprimento das NTI. Caso práctico
- Apoios desde a Administración Central ás AA.PP. galegas na implantación do ENI.

- Mesa redonda de experiencias na aplicación do ENI.

Segunda Sesión: GOBERNO ABERTO

- Goberno aberto e apertura de datos como novo modelo de relación e de desenvolvemento económico.
- As actuacións da Xunta. “abert@s” PORTAL OPEN DATA DA XUNTA DE GALICIA
- Mesa redonda de proxectos de participación e apertura de datos.

CICLO DE XORNADAS FORMATIVAS PARA CARGOS ELECTOS DA ADMÓN LOCAL: XORNADA SOBRE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS CORPORACIÓNS LOCAIS. PU12015

Obxectivos:
Ofrecer aos asistentes unha visión práctica das principais cuestións de organización e funcionamento das EELL desde a perspectiva de funcionarios de administración local expertos na materia. Proporcionar información aos cargos electos e directivos das entidades locais en materia de organización e funcionamento das entidades locais, con especial incidencia nas distintas experiencias locais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Destinatarios:
Alcaldes, concelleiros e persoal eventual das entidades locais, e dos organismos delas dependentes, da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:
Duración: 6 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 22 de xuño
Prazas: 298

Contido básico:
- Organización municipal: órganos de goberno unipersonais e colexiados. Réxime competencial.
- Organización municipal complementaria: tipoloxía e funcións
- Funcionamento dos órganos colexiados municipais. Réxime de sesións. Control e fiscalización dos órganos de goberno
- Outras EELL: Deputacións Provinciais, Mancomunidades, Consorcios e Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio
- Mesa Redonda: Perspectivas de futuro no réxime local

Convocatoria:
Resolución do 7 de xuño de 2012 (DOG núm. 110, do 11 de xuño).

CICLO DE XORNADAS FORMATIVAS PARA CARGOS ELECTOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL: XORNADA SOBRE RÉXIME XURÍDICO DO PERSOAL AO SERVIZO DAS ENTIDADES LOCAIS. PU12022

Obxectivos:
Ofrecer aos asistentes unha visión práctica das principais cuestións en materia de réxime xurídico do persoal ao servizo das Entidades Locais, dende a perspectiva de funcionarios de administración local expertos na materia.

Destinatarios:
Alcaldes, concelleiros e persoal eventual das entidades locais, e dos organismos delas dependentes, da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 28 de setembro
Prazas: 298

Contido básico:

- O persoal ao servizo das Entidades Locais: clases de empregados públicos.
- Procesos de selección e provisión de postos de traballo. Instrumentos de xestión do persoal: persoal, catálogo e relación de postos de traballo.
- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. A negociación colectiva: pactos e acordos.
- Novidades en materia de emprego público: últimas modificacións normativas.
- Mesa redonda: Xestión eficiente dos recursos humanos para a modernización da Administración e a contención do gasto público.

Convocatoria:
Resolución do 7 de xuño de 2012 (DOG núm. 110, do 11 de xuño).

CICLO DE XORNADAS FORMATIVAS PARA CARGOS ELECTOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL: XORNADA SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS. PU12023

Obxectivos:
Ofrecer aos asistentes unha visión práctica das principais cuestións en materia de contratación pública das administracións locais, dende a perspectiva de funcionarios de administración local expertos na materia.

Destinatarios:
Alcaldes, concelleiros e persoal eventual das entidades locais e dos organismos delas dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 9 de novembro
Prazas: 286

Contido básico:

- A contratación no sector público local. Os principios xerais da contratación no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Tipoloxía dos contratos.
- A preparación dos contratos polas AA.PP. Clases de expedientes de contratación. A selección do contratista: procedementos, formas e criterios de adxudicación.
- Execución, modificación e extinción dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. A revisión de prezos.
- Principais aspectos da contratación no ámbito local dende a perspectiva do control xurisdicional.
- Mesa redonda: Eficiencia na contratación no marco económico actual: novas fórmulas de colaboración público-privada.

Convocatoria:

Resolución do 7 de xuño de 2012 (DOG núm. 110, do 11 de xuño).

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

A existencia dunha Administración pública exposta ao cambio, nun entorno de competitividade e de esixencia de maior formación dos seus profesionais, require, á súa vez, unha maior adaptación e especialización dos plans formativos dirixidos ás persoas que traballan en contacto co sector público. É indubidable que, para lograr unha Administración eficiente, a formación é un alicerce clave, xa que permite responder ás necesidades actuais de profesionais procedentes de áreas tan diversas como o urbanismo, a administración electrónica, o dereito, etc.

Os cursos superiores e de especialización da EGAP aspiran a converterse nun referente dentro do ámbito da formación pública, dando cabida ás últimas novidades normativas de xeito áxil, da man dos mellores profesionais na materia e cunha metodoloxía baseada na combinación de sesións teóricas e prácticas. Estas actividades formativas están deseñadas para que os participantes adquiran unha visión estratéxica de temáticas concretas e actuais e, deste xeito, poidan reforzar e actualizar os seus coñecementos, prestando un mellor servizo á Administración e á cidadanía.

Para poder levar a cabo esta formación específica nun contexto de crise económica a EGAP apostou por un modelo de xestión colaborativa, o cal favorece a innovación e a mellor xestión dos recursos públicos. Por este motivo, durante o 2012 a maior parte dos cursos superiores e de especialización que realizou a EGAP son o froito da sinatura dun convenio con outras entidades, o que constitúe un instrumento adecuado e eficiente para incrementar en número e en calidade a oferta formativa da Escola, facendo chegar a súa presenza a ámbitos profesionais máis extensos e permitindo o autofinanciamento dos cursos.

O obxectivo é que organismos de recoñecido prestixio no seu sector (colexios profesionais, outras entidades públicas, etc.) acudan á Escola para realizar actividades formativas específicas relacionadas co seu eido de actuación, beneficiando deste xeito aos empregados públicos da administración galega.

CURSO DE REHABILITACIÓN E REVITALIZACIÓN URBANA EN GALICIA: DA CONSERVACIÓN DOS CASCOS HISTÓRICOS ÁS AREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NOS BARRIOS. PU12001

Obxectivos:
Transmitir a necesidade da renovación e rehabilitación urbana como alternativa ao modelo de crecemento urbano sen límites. Dar a coñecer unha metodoloxía exitosa para realizar as Memorias-programa para a petición de ARI´s. Mostrar como conseguir unha xestión eficiente dos programas de rehabilitación para levar a cabo con éxito solucións ás problemáticas nas vivendas que necesitan rehabilitación. Coñecer principios básicos dos Sistemas de Información Xeográfica para o seu emprego como ferramenta para elaborar as Memorias-programa e na xestión da rehabilitación. Transmitir criterios baseados na experiencia para elaborar ordenanzas e bases de axudas públicas para revitalizar e rehabilitar áreas urbanas. Coñecer os programas de rehabilitación e renovación existentes no Estado e transmitir coñecementos de como se están a dar este tipo intervencións en diferentes países europeos. Coñecer exemplos exitosos de intervención e de organismos que xestionan esas intervencións: Consorcio de Santiago, Oficina de la Ciudad Histórica e Rehabilitación de Santiago (OCHIR), Oficina de Rehabilitación do Concello de Ourense.

Destinatarios:
Funcionarios e/ou empregados municipais da área de urbanismo e/ou rehabilitación; membros das oficinas de rehabilitación; funcionarios da Administración autonómica relacionados con temas de urbanismo, vivenda e rehabilitación; arquitectos; xeógrafos; historiadores; aparelladores; historiadores da arte; sociólogos; economistas; profesionais relacionados co urbanismo e a rehabilitación; estudantes universitarios.

Desenvolvemento:
Duración: 50 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 16 de xaneiro ao 13 de febreiro
Prazas: 40

Contido básico:
- A necesidade da recuperación do espazo construído. Medidas para lograr a

recuperación demográfica dos cascos históricos e dos sectores urbanos en proceso de degradación social e ambiental.

- A cidade dos barrios. Repensando a cidade dende A Coruña.
- Taller: Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa dos ARI´s e a xestión da rehabilitación (I)
- A enquisa aos residentes nas ARIS. Método fundamental para a obtención de información.
- As intervencións de renovación e rehabilitación na cidade de A Coruña. ARI´s de Birloque, Mariñeiros e Palavea. A Pescadería.
- Criterios de intervención dende o punto de vista da protección patrimonial nos cascos históricos e no resto do espazo urbano.
- ¿Qué é e qué significa falar de revitalización e rehabilitación nos albores do s. XXI?. Políticas europeas de rehabilitatción. A rehabilitación en España. Novas tendencias na intervención en barrios degradados.
- A xestión dos ARI´s da cidade de Santiago (I). Criterios para o acceso ás axudas. Ordenanzas que as regulan.
- Taller: Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa dos ARI´s e a xestión da rehabilitación (II)
- A problemática da vivenda e o reto da revitalización de áreas de vivendas dende o punto de vista da xestión da rehabilitación urbanística: o caso de Ourense. A cidade histórica, o núcleo etnográfico de Seixalbo.
- Taller: Criterios de análise para a realización dunha ordenanza e bases de axudas públicas para a revitalización e rehabilitación de áreas urbanas.
- A xestión dos ARI´s da cidade de Santiago (II): o ARI de Vista Alegre. Análise do proceso de implantación do programa.
- As intervencións de renovación e rehabilitación no espazo público en Santiago de Compostela: un exemplo a seguir.
- A problemática da vivenda e o reto da revitalización de áreas de vivendas dende o punto de vista da xestión da rehabilitación urbanística: o caso de Ourense. As intervencións nos barrios degradados da cidade de Ourense.
- Taller: Criterios de análise para a realización dunha ordenanza e bases de axudas públicas para a revitalización e rehabilitación de áreas urbanas. Conclusiones
- Taller: Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa dos ARI´s e a xestión da rehabilitación (e III).
- Presentación das iniciativas e programas do Consorcio de Santiago. A Oficina Técnica Taller de Proxectos do Consorcio. Exemplos e casos prácticos.
- Os programas de rehabilitación de vivendas. Mantemento (Ter é Manter), intervención en elementos catalogados e edificios tutelados.

- A Pedra que pisas, iniciativas do Consorcio de Santiago e a Fundación Laboral da Construción de Galicia para a formación de traballadores, empresas e técnicos na conservación e mantemento dos pavimentos enlousados de Compostela.
- Intervencións de rehabilitación e renovación en espazos singulares (I). O caso da aldea de Santoalla do Monte, Petín (Ourense).
- O Sistema de Información Patrimonial promovido polo Consorcio de Santiago, ferramenta para a xestión dunha cidade Patrimonio da Humanidade.
- Presentación práctica do S.I.P. (en aula de informática e con conexión wi-fi).
- Intervencións de rehabilitación e renovación en espazos singulares (e II). Os casos de Sabarís en Baiona e Moimenta en Boiro.
- Conclusións e clausura do curso.

Convocatoria:
Resolución do 12 de decembro de 2011 (DOG núm. 241, do 20 de decembro).

CURSO PRÁCTICO SOBRE TERRITORIO E PAISAXE EN GALICIA. PU12005

Obxectivos:
Achegarlle ao alumnado o contido da nova Guía de estudos de impacto e integración paisaxística. Describir os aspectos máis destacados das directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación Territorial. Influencia dos documentos anteriores e esixencias na tramitación administrativa da avaliación ambiental de proxectos. Coñecer a estrutura e o funcionamento do Instituto de Estudos do Territorio.

Destinatarios:
Persoal da Administración local e autonómica de Galicia que queiran formarse na aplicación práctica destes documentos. Técnicos que participen na redacción de proxectos que queiran ampliar os seus coñecementos sobre as DOT, o POL e coñecer a nova Guía de estudos de impacto e integración paisaxística. Estudantes universitarios que desexen completar a súa formación en temas ambientais.

Desenvolvemento:

Duración: 17 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 26 e 27 de marzo
Prazas: 100

Contido básico:
- Directrices de ordenación do territorio (DOT) e Plan de ordenación do litoral (POL)
- Avaliación de impacto ambiental. Recomendacións na tramitación administrativa da avaliación ambiental de proxectos.
- Guía de estudos de impacto e integración paisaxística. Catálogos de paisaxe e directrices de paisaxe.
- Ferramentas de xestión dixital para a representación e o deseño gráfico, aplicadas a proxectos de paisaxe.
- Obradoiro de proxectos I
- Obradoiro de proxectos II

Convocatoria:
Resolución do 6 de marzo de 2012 (DOG núm. 53, do 15 de marzo de 2012)

CURSO SUPERIOR DE TÉCNICO DE URBANISMO 2012. PU12016

Obxectivos:
T03: do 5 de novembro ao 19 de decembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

- Módulo 1: fundamentos da prevención de riscos laborais.
- Módulo 2: calidade do ambiente interior e iluminación.
- Módulo 3: deseño do posto de traballo e pantallas de visualización.
- Módulo 4: carga física e mental.
- Módulo 5: factores psicosociais.
- Módulo 6: outras actuacións en materia de prevención de riscos laborais.
- Módulo 7: xestión da prevención de riscos laborais.
- Módulo 8: sistemas integrados de xestión: prevención de riscos laborais, medio e calidade.
- Módulo 9: ámbito xurídico da prevención.

SISTEMAS INTEGRADOS: PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E MEDIO AMBIENTE II: HIXIENE INDUSTRIAL. CV12038

Obxectivos:
O obxectivo do curso é integrar a actividade preventiva no conxunto das actividades e decisións da empresa e establecer unha acción de riscos integrada, mediante a implantación dun Sistema de Xestión da Prevención. Especialidade: hixiene industrial.

Destinatarios:
Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 5 de xullo ao 4 de setembro
T02: do 5 de setembro ao 4 de novembro
T03: do 5 de novembro ao 19 de decembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

- Módulo 1: fundamentos da prevención de riscos laborais.
- Módulo 2: control de axentes químicos.
- Módulo 3: control de ruído e vibracións.
- Módulo 4: radiacións electromagnéticas.
- Módulo 5: ambiente térmico e axentes biolóxicos.
- Módulo 6: outras actuacións en materia de prevención de riscos laborais.
- Módulo 7: xestión da prevención de riscos laborais.
- Módulo 8: sistemas integrados de xestión: prevención de riscos laborais, medio e calidade.
- Módulo 9: ámbito xurídico da prevención.

SISTEMAS INTEGRADOS: PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E MEDIO AMBIENTE I: SEGURIDADE NO TRABALLO. CV12039

Obxectivos:
O obxectivo do curso é integrar a actividade preventiva no conxunto das actividades e decisións da empresa e establecer unha acción de riscos integrada, mediante a implantación dun Sistema de Xestión da Prevención. Especialidade: seguridade no traballo.

Destinatarios:
Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 5 de xullo ao 4 de setembro
T02: do 5 de setembro ao 4 de novembro
T03: do 5 de novembro ao 19 de decembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

- Módulo 1: fundamentos da prevención de riscos laborais
- Módulo 2: técnicas de seguridade
- Módulo 3: prevención e protección no lugar de traballo
- Módulo 4: prevención de riscos específicos I: incendios e risco eléctrico
- Módulo 5: prevención de riscos específicos II.
- Módulo 6: outras actuacións en materia de prevención de riscos laborais
- Módulo 7: xestión da prevención de riscos laborais
- Módulo 8: sistemas integrados de xestión: prevención de riscos laborais, medio e calidade
- Módulo 9: ámbito xurídico da prevención

SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA APLICADOS Á XESTIÓN DE RECURSOS NATURAIS. CV12040

Obxectivos:
O obxectivo deste curso é transmitir os conceptos básicos nos que se fundamentan os SIX, incidindo nas súas principais aplicacións ambientais e de ordenación do territorio.

Destinatarios:
Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 5 de xullo ao 4 de setembro
T02: do 5 de setembro ao 4 de novembro
T03: do 5 de novembro ao 19 de decembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

- Módulo 1: a información xeográfica
- Módulo 2: bases conceptuais dos sistemas de información xeográfica
- Módulo 3: modelos e estruturas de datos espaciais
- Módulo 4: funcionalidade dos sistemas de información xeográfica
- Módulo 5: o modelo vectorial
- Módulo 6: o modelo raster
- Módulo 7: aplicacións ambientais dos SIX

XESTIÓN DA CALIDADE NO MANEXO DE RECURSOS CINEXÉTICOS E PISCÍCOLAS CONTINENTAIS. CV12041

Obxectivos:
O obxectivo do curso é proporcionar as ferramentas para elaborar modelos de xestión técnica que potencien os recursos cinexéticos e piscícolas ao mesmo tempo que favorezan a conservación da biodiversidade.

Destinatarios:
Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 5 de xullo ao 4 de setembro
T02: do 5 de setembro ao 4 de novembro
T03: do 5 de novembro ao 19 de decembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

- Módulo 1. Os recursos cinexéticos e a caza.
- Módulo 2. Bioloxía das especies cinexéticas ibéricas.
- Módulo 3. Ecoloxía das poboacións cinexéticas.
- Módulo 4. Métodos de aproveitamento cinexético.
- Módulo 5. Marco legal e normativo da caza.
- Módulo 6. Técnicas de mellora dos recursos cinexéticos.
- Módulo 7. Sustentabilidade do aproveitamento cinexético.
- Módulo 8. O ecosistema fluvial: hábitat, recursos e biocenose
- Módulo 9. Bioloxía e poboacións de especies piscícolas
- Módulo 10. As especies piscícolas dos ríos galegos
- Módulo 11. Técnicas de mellora do hábitat fluvial
- Módulo 12. Sustentabilidade do aproveitamento piscícola

XESTIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS, VERTIDOS E EMISIÓN PARA PEMES. CV12042

Obxectivos:
O obxectivo deste curso é mostrar os distintos tipos de contaminación existentes, as características de cada un deles, as súas consecuencias sobre o medio e a saúde humana, a xestión dos distintos residuos, as esixencias lexislativas e as solucións máis eficaces e eficientes para minimizar ou evitar a emisión destes e as súas consecuencias sobre o Medio e a saúde humana.

Destinatarios:
Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:
Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 5 de xullo ao 4 de setembro
T02: do 5 de setembro ao 4 de novembro
T03: do 5 de novembro ao 19 de decembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:
- Módulo 1: tratamento e xestión de residuos I.
- Módulo 2: tratamento e xestión de residuos II.
- Módulo 3: tratamento e xestión de verteduras
- Módulo 4: contaminación atmosférica
- Módulo 5: ruído e vibracións
- Módulo 6: solos contaminados

SISTEMAS DA XESTIÓN DA CALIDADE. CV12043

Obxectivos:
O obxectivo do curso é dar coñecer a xestión integrada da calidade, medio e prevención para obter mellores resultados empresariais, á vez que se conseguen as adecuacións legais e conformidades cos valores tanto sociais coma ambientais.

Destinatarios:
Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 5 de xullo ao 4 de setembro
T02: do 5 de setembro ao 4 de novembro
T03: do 5 de novembro ao 19 de decembro
Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

- Módulo 1: principios básicos de calidade
- Módulo 2: xestión da calidade
- Módulo 3: técnicas aplicadas á calidade
- Módulo 4: mellora da calidade
- Módulo 5: normativas sobre sistemas de xestión da calidade
- Módulo 6: requisitos do sistema de xestión de calidade
- Módulo 7: auditorías do sistema de xestión da calidade
- Módulo 8: sistemas integrados de xestión: prevención de riscos laborais, medio e calidade

REDUCIÓN E CONTROL DE RUÍDO, CASOS PRÁCTICOS NA INDUSTRIA. CV12069

Obxectivos:
O obxecto do curso é a actualización de coñecementos e habilidades relacionadas coa avaliación e control de ruído ambiental na industria. Céntrase no estudo das fontes de ruído da industria, a súa tipoloxía e características e complétase coa exposición das medidas técnicas empregadas hoxe para a análise, control e deseño de solucións no control do ruído.

Destinatarios:
Técnicos de prevención de riscos laborais no ISSGA.

Desenvolvemento:

Duración: 5 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 25 de setembro
Prazas: 45

Contido básico:
- Introdución: A industria e o ruído.
- Fontes de ruído na industria, tipoloxía e características.
- Redución do nivel de exposición na industria; métodos organizativos e técnicos.
- Medidas técnicas utilizadas no sector industrial. O estudo acústico.
- Materiais encamiñados a reducir o ruído na industria.
- Casos prácticos na industria.

CURSO BÁSICO DE INGLÉS. CV12070

Obxectivos:
O alumnado aprenderá as ferramentas necesarias para comunicarse en inglés.

Destinatarios:
Persoal do Parlamento de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 80 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
A1: do 29 de setembro ao 13 de decembro
A2: do 29 de setembro ao 13 de decembro
Prazas: 29

Contido básico:
Nivel A1 - Curso I. (Basic)
GRAMÁTICA
- Presente do verbo to be.- O verbo have.- Xénero e número.
- Pronomes demostrativos.- O alfabeto.- Pronomes persoais.- Partículas interrogativas.- Conxuncións; and e but.- Adxectivos descritivos.
VOCABULARIO
- Países e nacionalidades.- Saúdos e presentacións.- A familia.- A casa.- Expresións cotiás.- Preguntas e respostas cortas.- Os meses.- As estacións do ano.- Datas.

Nivel A2 - Curso I: (Preintermedio)
GRAMÁTICA
- Posibilidade co be able to.- Obrigación co have to.- Complementos preposicionais.- O verbo have II.- Adverbios de frecuencia II.- Imperativo II.- Preposicións.- Expresións de cantidade: a/an, some, any, both, enough, many, few, a lot (of).
VOCABULARIO
- Expresións ao teléfono.- As horas.- Roupa.- Cores.- Números ordinais.- Descricións físicas.- A familia.- Celebracións: aniversario.- Datas.- Rutinas e accións cotiás.

VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES CON DISCAPACIDADE. CV12071

Obxectivos:
Este curso ten a finalidade de dar a coñecer a realidade das mulleres con discapacidade, incidindo en aspectos tales como a discapacidade, o sistema sexo-xénero, a sexualidade, a accesibilidade e a violencia exercida contra as mulleres con discapacidade.

Destinatarios:
Persoal da administración pública da comunidade autónoma de Galicia

Desenvolvemento:
Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 15 ao 25 de outubro
Prazas: 25

Contido básico:
1. Xénero.
a. Concepto e teoría sexo- xénero.
b. Axentes de socialización diferencial.
c. A construción do xénero desde unha perspectiva espazo - temporal.
d. Teoría de la interseccionalidade.
2. Discapacidade.
a. Concepto e tipos de discapacidades.
b. Nocións básicas de Clasificación Internacional do Funcionamento, a Discapacidade e a Saúde (CIF).
c. Modelos ou enfoques da discapacidade.
d. A discapacidade en cifras.
3. Xénero e Discapacidade.
a. Modelo ou enfoque de xénero e discapacidade.
b. Radiografía das mulleres con discapacidade.
c. Eixos de especial relevancia desde a perspectiva de xénero e discapacidade.
d. Marco normativo sobre xénero e discapacidade.
4. Violencia contra as mulleres con discapacidade.
a. Concepto e formas de violencia contra as mulleres.
b. Ciclo e etapas da violencia contra as mulleres.

c. Recursos e servizos de apoio para as mulleres superviventes.
d. Violencia específica sobre as mulleres con discapacidade.
e. Presentación do Programa de Atención Psicosocial.

Convocatoria:
Resolución do 5 de setembro de 2012 (DOG núm. 179, do 19 de setembro).

VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES CON DISCAPACIDADE. CV12072

Obxectivos:
Este curso ten a finalidade de dar a coñecer a realidade das mulleres con discapacidade, incidindo en aspectos tales como a discapacidade, o sistema sexo-xénero, a sexualidade, a accesibilidade e a violencia exercida contra as mulleres con discapacidade.

Destinatarios:
Traballadoras e traballadores sociais da Administración Local de Galicia

Desenvolvemento:
Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 5 ao 15 de novembro
Prazas: 25

Contido básico:
1. Xénero.
a. Concepto e teoría sexo- xénero.
b. Axentes de socialización diferencial.
c. A construción do xénero desde unha perspectiva espazo - temporal.
d. Teoría de la interseccionalidade.

2. Discapacidade.
a. Concepto e tipos de discapacidades.
b. Nocións básicas de Clasificación Internacional do Funcionamento, a Discapacidade e a Saúde (CIF).
c. Modelos ou enfoques da discapacidade.
d. A discapacidade en cifras.

3. Xénero e discapacidade.
a. Modelo ou enfoque de xénero e discapacidade.
b. Radiografía das mulleres con discapacidade.
c. Eixos de especial relevancia desde a perspectiva de xénero e discapacidade.
d. Marco normativo sobre xénero e discapacidade.

4. Violencia contra as mulleres con discapacidade.
a. Concepto e formas de violencia contra as mulleres.
b. Ciclo e etapas da violencia contra as mulleres.
c. Recursos e servizos de apoio para as mulleres superviventes.
d. Violencia específica sobre as mulleres con discapacidade.
e. Presentación do Programa de Atención Psicosocial.

Convocatoria:
Resolución do 5 de setembro de 2012 (DOG núm. 179, do 19 de setembro).

MEDIO DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA. CV12073

Obxectivos:
A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Destinatarios:
Persoal do Consello de Contas e do ISSGA.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 8 de outubro ao 15 de decembro
Prazas: 30

Contido básico:
O contido sinalado no Anexo I Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño).

SUPERIOR DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA. CV12074

Obxectivos:
A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Destinatarios:
Persoal do Consello de Contas e do ISSGA.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 8 de outubro ao 15 de decembro
Prazas: 30

Contido básico:
Contido sinalado no Anexo II Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño).

I CURSO DE ACTUALIDADE XURÍDICA DE RÉXIME LOCAL. A L.O. 2/2012 DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA. APLICACIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS. CV12075

Obxectivos:
Impartir unha formación de carácter práctico sobre como aplicar a Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no ámbito local.

Destinatarios:
Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter estatal e funcionarios do grupo A1 ao servizo da Administración Local de Galicia que se atopan en situación de servizo activo, incapacidade temporal por maternidade ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria.

Desenvolvemento:

Duración: 17 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Pontevedra: do 29 ao 31 de outubro
Prazas: 100

Contido básico:

- Introdución á estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- A LEP: ámbito de aplicación e principios xerais. Obxectivos para as Entidades Locais e procedementos de control da estabilidade orzamentaria.
- A técnica orzamentaria ante o obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- Metodoloxía de cálculo da estabilidade orzamentaria.
- Plans económico-financeiros e de reequilibrio: proceso de elaboración, tramitación, aprobación e seguimento.
- Medidas preventivas, correctivas e coercitivas.
- O financiamento local en época de crise e no marco da estabilidade orzamentaria
- Novas responsabilidades de remisión de información e transparencia para os interventores municipais.
- A repercusión do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na organización das EELL.

CURSO DE FORMACIÓN SOBRE A FUNCIÓN CONSULTIVA: O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA. CV12076

Obxectivos:
O curso pretende, por unha banda, constituír unha canle de divulgación da doutrina sentada polo Consello Consultivo nas materias obxecto da súa competencia e, por outra, permitir a apertura dun foro de debate sobre as mesmas, logo de transcorridos dezasete anos dende a súa creación e tendo en conta a experiencia acumulada ao longo deste tempo no seu labor de asesoramento e control preventivo da actividade administrativa autonómica.

Destinatarios:
Persoal funcionario dos grupos A1, A2 e C1 e persoal laboral dos grupos I, II e III ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que se atopan en situación de servizo activo, incapacidade temporal por maternidade ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria.

Desenvolvemento:
Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 29 de outubro ao 8 de novembro
Prazas: 25

Contido básico:
- Módulo I. A contratación administrativa: modificación e resolución dos contratos.
- Módulo II. A revisión de oficio dos actos e disposicións administrativas de carácter xeral.
- Módulo III. O control da potestade regulamentaria. O regulamento. Relacións entre lei e regulamento. Titularidade da potestade regulamentaria. O principio de reserva de lei.
- Módulo IV. Procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral. Normativa reguladora.
- Módulo V. Directrices de técnica normativa.
- Módulo VI. A responsabilidade patrimonial da Administración Pública.

INTRODUCIÓN Á NORMATIVA DE SEGURIDADE INFORMÁTICA (LOPD, ENS, ENI). CV12077

Obxectivos:
Acadar os coñecementos básicos da LOPD, ENS e ENI para o desenvolvemento do traballo diario en materia de xestión da información e explotacións das TIC.

Destinatarios:
Analistas, programadores, operadores, administración e reprografía do CIXTEC.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 3
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 5 ao 14 de novembro
Santiago de Compostela: do 5 ao 14 de novembro
Santiago de Compostela: do 6 ao 15 de novembro
Prazas: 18 en cada edición

Contido básico:
- Contido da Lei Orgánica de Protección de Datos
- Contido do Esquema Nacional de Seguridade
- Contido do Esquema Nacional de Interoperabilidade

NORMATIVA DE SEGURIDADE INFORMÁTICA (LOPD, ENS, ENI). CV12078

Obxectivos:
Acadar os coñecementos necesarios da LOPD, ENS e ENI en materia de xestión da información e explotacións das TIC.

Destinatarios:
Xefes de División, Área, Departamento e Grupo do CIXTEC.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 1 ao 24 de outubro
Prazas: 20

Contido básico:

- Contido da Lei orgánica de protección de datos
- Contido do Esquema Nacional de Seguridade
- Contido do Esquema Nacional de Interoperabilidade

NORMATIVA DE SEGURIDADE INFORMÁTICA (LOPD, ENS, ENI) (NIVEL MEDIO). CV12079

Obxectivos:
Acadar os coñecementos necesarios da LOPD, ENS e ENI para o desenvolvemento do traballo diario en materia de xestión da información e explotacións das TIC.

Destinatarios:
Xefes de Unidade do CIXTEC.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 2
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 2 ao 25 de outubro
Santiago de Compostela: do 2 ao 25 de outubro
Prazas: 16 en cada edición

Contido básico:

- Contido da Lei Orgánica de Protección de Datos
- Contido do Esquema Nacional de Seguridade
- Contido do Esquema Nacional de Interoperabilidade

CURSO DE CAPACITACIÓN PARA O DESEMPEÑO DA FUNCIÓN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS. CV12080

Obxectivos:
Capacitar ao persoal que opta a postos de inspección de servizos sociais ou que prestan apoio á inspección de servizos sociais nos coñecementos específicos dos diferentes ámbitos de actuación e nas habilidades necesarias para o correcto desenvolvemento destas funcións.

Destinatarios:
Persoal funcionario dos grupos A1, A2 e C1 e persoal laboral grupo I e II, con titulación universitaria nas ramas educativa, xurídica ou social.

Desenvolvemento:

Duración: 120 horas
Modalidade: Mixta
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 18 de outubro ao 12 de decembro
Prazas: 40

Contido básico:

- Os servizos sociais. A lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. Sistemas de garantías do sistema galego de servizos sociais.
- Rexistro e autorizacións. Normativa técnica relacionada.
- A inspección. Funcións e procedementos de actuación. Ámbitos de actuación.
- As actas de inspección. Protección dos dereitos. procedemento sancionador.
- Servizos comunitarios.
- Inclusión e Igualdade.
- Menores.
- Familia e infancia.
- Maiores e discapacidade.
- O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
- Calidade. A acreditación. Xestión de centros e programas de servizos sociais.
- Outras habilidades do persoal inspector.

Convocatoria:
Resolución do 25 de setembro de 2012 (DOG núm.. 186, do 28 de setembro).

SUPERIOR DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA. CV12081

Obxectivos:
A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Destinatarios:
Persoal de Portos de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 8 de outubro ao 15 de decembro
Prazas: 30

Contido básico:
Contido sinalado no Anexo II Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño).

CURSO DE ACTUALIZACIÓN EN MATERIA DE PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. CV12082

Obxectivos:
Facilitar ao alumnado unha visión concreta e actualizada do procedemento administrativo común, así como da normativa que regula o tratamento dos datos e ficheiros de carácter persoal, independentemente do soporte no que sexan tratados. Definir o ámbito de aplicación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e os principios xerais establecidos no seu articulado. Diferenciar os principios aplicables ao procedemento. Determinar o réxime xurídico aplicable aos elementos sub-xectivos implicados no procedemento administrativo. Comprender a importancia do procedemento administrativo como garantía formal e as disposicións xerais que lle resultan de aplicación. Desagregar as diferentes fases do procedemento administrativo diferenciando os trámites realizados en cada unha de elas. Aplicar os prazos correspondentes a cada un dos trámites do procedemento administrativo e coñecer a súa tramitación electrónica. Recoñecer as vías impugnatorias aplicables no procedemento administrativo e os seus elementos estruturais. Coñecer que é un dato de carácter persoal e o seu tratamento. Diferenciar entre o responsable do ficheiro e o encargado do seu tratamento. Identificar e aplicar os dereitos que asisten aos titulares dos datos de carácter persoal. Coñecer os distintos tipos de infraccións e as sancións económicas que levan consigo. Aprender a aplicar as cláusulas informativas relativas á cesión de datos de carácter persoal.

Destinatarios:
Persoal das entidades locais da provincia de Ourense dos grupos A e C que interveñan na tramitación de expedientes ou realicen tarefas de xestión administrativa.

Desenvolvemento:
Duración: 35 horas
Modalidade: Mixta
Edicións: 1
Lugares e datas:
Ourense: do 17 ao 31 de outubro
Prazas: 30

Contido básico:
1. A REGULACIÓN DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO.
1.1. Ámbito de aplicación.

1.2. Principios inspiradores.
1.3. Os dereitos dos cidadáns.
1.4. Os interesados no procedemento.
1.5. Exercicios interactivos.
1.6. Autoavaliación.
1.7. Avaliación.
2. AS FASES DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO.
2.1. Iniciación.
2.2. Ordenación e instrución.
2.3. Terminación.
2.4. Exercicios interactivos.
2.5. Autoavaliación.
2.6. Avaliación.
3. OUTRAS CUESTIÓNS RELEVANTES DO PROCEDEMENTO.
3.1. Cómputo de prazos.
3.2. Utilización de medios electrónicos.
3.3. Recursos.
3.4. Exercicios interactivos.
3.5. Autoavaliación.
3.6 Avaliación.
4. OS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.
4.1. Que é un dato de carácter persoal.
4.2. Os datos especialmente protexidos.
4.3. Tratamento dos datos e deber de información.
4.4. Exercicios interactivos.
4.5. Autoavaliación.
4.6. Avaliación.
5. OS DEREITOS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS.
5.1. Os dereitos dos interesados ante os datos de carácter persoal.
5.2. Os límites da cesión de datos.
5.3. Niveis e medidas de seguridade.
5.4. Infraccións e sancións.
5.5. Exercicios interactivos.
5.6. Autoavaliación.
5.7. Avaliación.

Convocatoria:
Resolución do 1 de outubro de 2012 (DOG núm. 191, do 05 de outubro).

CURSO DE XESTIÓN E CONTROL DE SUBVENCIÓNS PÚBLICAS. CV12083

Obxectivos:
Actualizar os coñecementos dos profesionais da Administración local en materia de subvencións públicas, para que sexan capaces de desenvolver o seu traballo de maneira óptima no eido xurídico e económico. Revisar a actividade subvencional dende un punto de vista práctico, con supostos de casos frecuentes no ámbito municipal, con tipos de convenios e bases reguladoras.

Destinatarios:
Técnicos da Administración local de Ourense, dos grupos A1 e A2, que presten servizos nas áreas de administración xeral, xurídicas e económicas das corporacións; e persoal das entidades locais da provincia de Ourense que realicen no seu traballo tarefas de xestión, control e seguimento das axudas, convenios e subvencións públicas.

Desenvolvemento:
Duración: 25 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Ourense: do 6 ao 29 de novembro
Prazas: 30

Contido básico:
1. LEI XERAL DE SUBVENCIÓNS. ESPECIALIDADES NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. ACTIVIDADE SUBVENCIONAL LOCAL.
1.1. Principios xerais da nova lei.
1.2. O concepto de subvención.
1.3. Premios e axudas en especie.
1.4. A adaptación da normativa local ás disposicións da Lei galega de subvencións.
2. ADAPTACIÓN DO PROCEDEMENTO LOCAL ÓS SISTEMAS DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS.
2.1. Concesión directa.
2.2. Concesión en concorrencia.
2.3. Xustificación e comprobación.
2.4. Convenios e contratos.
3. XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABLE DE SUBVENCIÓNS EN ENTIDADES LOCAIS.
3.1. Xestión orzamentaria das subvencións recibidas.

3.2. Adaptacións das bases de execución.
3.3. O control financeiro. Rendibilidade financeira. Cálculo financeiro.
3.4. Procedemento de reintegro.
4. O REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS. RESPONSABILIDADE CONTABLE.
4.1. Aplicabilidade do concepto de responsabilidade contable ao reintegro de subvencións.
5. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.
6. TRATAMENTO DAS SUBVENCIÓNS RECIBIDAS.

Convocatoria:
Resolución do 1 de outubro de 2012 (DOG núm. 191, do 5 de outubro).

CURSO SOBRE ELABORACIÓN DE PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PRESCRICIÓNS TÉCNICAS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. CV12084

Obxectivos:
Aprender a aplicar correctamente os aspectos teórico-prácticos que afectan á elaboración dos pregos e instrucións para a adxudicación de contratos na Administración pública. Coñecer os ámbitos de carácter subxectivo e obxectivo da preparación dos contratos públicos. Ensinarlles aos participantes a redactar e elaborar pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas axeitadas ao réxime xurídico de contratación vixente.

Destinatarios:
Traballadores da Administración local da provincia de Ourense, dos grupos A e C, que interveñan na tramitación de expedientes administrativos e persoal técnico e administrativo, en xeral, das corporacións locais da provincia de Ourense que realice no seu traballo tarefas de xestión administrativa.

Desenvolvemento:
Duración: 10 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Ourense: do 6 ao 8 de novembro
Prazas: 25

Contido básico:
1. ELABORACIÓN DE PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULAIS (ASPECTOS FUNDAMENTAIS).
1.1. Delimitación do obxecto do contrato, xustificación das necesidades a satisfacer, e codificación.
1.2. Tramitación e procedemento: a urxencia.
1.3. Prezo do contrato: tipo de licitación e gasto autorizado.
1.4. Garantías exixibles.
1.5. Documentación administrativa e proposicións económicas (dos ou tres sobres).
1.6. Réxime de publicidade da convocatoria.
1.7. A mesa de contratación.
1.8. Criterios de adxudicación.
1.9. Adxudicación e formalización.
1.10. Réxime de pagamentos.

1.11. A modificación do contrato.
2. OS PREGOS DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES.

Convocatoria:
Resolución do 1 de outubro de 2012 (DOG núm. 191, do 5 de outubro).

CURSO TÉCNICO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. CV12085

Obxectivos:
Ensinar aos profesionais das entidades locais as técnicas e instrumentos de actuación máis axeitados dentro das áreas de dirección, xestión, formación, comunicación e motivación de persoal na administración. Dotar os responsables de recursos humanos dunha boa formación en técnicas de selección de persoal, desenvolvemento e xestión de carreiras profesionais, avaliación do desempeño e formación, e poñelos ao día en avances como a xestión do coñecemento, a xestión por competencias ou as novas formas de traballo. Dar a coñecer aos participantes os procesos psicolóxicos básicos da asimilación do cambio e os estilos de liderado e participación dunha organización, así como dotalos do coñecemento das técnicas de comunicación interna para efectuar unha adecuada xestión dos cambios. Achegar aos asistentes unha visión global e actualizada do deseño e xestión dos sistemas retributivos do persoal na administración, e abordar as técnicas e aplicacións prácticas da xestión por competencias para incrementar a produtividade.

Destinatarios:
Persoal técnico da Administración local dos subgrupos A1 e A2 ao servizo das entidades locais, con funcións directivas en materia de persoal e recursos humanos. Profesionais da Administración local nos servizos de recursos humanos ou que desempeñen tarefas de responsabilidade en materia de administración e xestión de persoal.

Desenvolvemento:

Duración: 200 horas
Modalidade: Mixta
Edicións: 1
Lugares e datas:
Ourense: do 16 de outubro ao 27 de decembro
Prazas: 30

Contido básico:
1. A FUNCIÓN PÚBLICA E A SÚA EVOLUCIÓN HISTÓRICA.
1.1. Concepto de función pública.
1.2. Evolución histórica.
1.3. Sistemas de función pública.

1.4. Sistema de fontes. Cadro de vixencias.
2. CLASES DE EMPREGADOS PÚBLICOS.
2.1. Réxime funcionarial e laboral na Administración.
2.2. Funcionarios de carreira.
2.3. Funcionarios interinos.
2.4. Persoal eventual.
2.5. Persoal directivo.
2.6. Persoal laboral.
3. PLANIFICACIÓN, ORIENTACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
3.1. Os rexistros de persoal e a xestión integrada.
3.2. A oferta de emprego público.
3.3. Os plans de emprego.
3.4. As relaciones de postos de traballo.
3.5. O cadro de persoal.
3.6. As implicacións orzamentarias da xestión de persoal.
3.7. A xestión dos recursos humanos: motivación e liderado.
4. ACCESO AO EMPREGO PÚBLICO.
4.1. Planificación.
4.2. Principios xerais de acceso ao emprego público.
4.3. Requisitos para o acceso.
4.4. Órganos de selección.
4.5. Procedementos de selección.
4.6. Sistemas selectivos. Funcionarios de carreira e laborais fixos.
4.7. Selección de persoal interino e laboral temporal.
4.8. Funcionarización e consolidación de emprego.

Convocatoria:
Resolución do 1 de outubro de 2012 (DOG núm. 191, do 5 de outubro).

CURSO DE DIRECTIVOS DE AAVV. CV12086

Obxectivos:
Formar ao persoal directivo das asociacións veciñais federadas.

Destinatarios:
Directivos de asociacións veciñais que estean federadas.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 5
Lugares e datas:
A Coruña: do 19 de outubro ao 23 de novembro
Lugo: do 20 de outubro ao 24 de novembro
Ourense: do 19 de outubro ao 23 de novembro
Pontevedra: do 19 de outubro ao 23 de novembro
Vigo: do 20 de outubro ao 24 de novembro
Prazas: 30 en cada edición

Contido básico:
Bloque I: o asociacionismo municipal
Bloque II: o procedemento administrativo
Bloque III: axudas e subvencións
Bloque IV: o urbanismo
Bloque V: protocolo e organización de actos

ATENCIÓN AO USUARIO NA BIBLIOTECA PÚBLICA. CV12087

Obxectivos:
Aprender a comunicar eficazmente para satisfacer as demandas do usuario; Coñecer diferentes estilos de comportamento para interactuar eficazmente co usuario en calquera situación; Brindar as ferramentas necesarias para poder atender ao usuario virtual e Englobar a atención ao usuario nun ámbito de calidade.

Destinatarios:
Auxiliares de Bibliotecas.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 21 e 22 de xuño
Prazas: 30

Contido básico:

- A Atención ao usuario: Obxectivos da biblioteca respecto ao usuario, Importancia da calidade na atención ao usuario, Ciclo de atención ao usuario, Acollida, demandas, resultados, avaliación, fidelización de usuarios.
- Comunicación co usuario: Proceso de comunicación, Barreiras, Tipos de comunicación, Escoita Activa e Comunicación telefónica, O usuario virtual.
- Interacción co usuario: Segmentación de usuarios, Autocontrol emocional, Atención diferencial.
- Aspectos prácticos de resolución : Queixas e reclamacións, Atención de suxestións, Cumprimento de normas, Formulación de dúbidas e obxeccións e Resolución de conflitos e incidencias.

DE 0 A 6 COMEZA O PROCESO LECTOR. CV12088

Obxectivos:
Dar a coñecer a teoría que subxace aos procesos de lectura cando nos referimos a nenos que non dominan a descodificación textual. Coñecer e analizar os mecanismos intelectuais e emocionais que desenvolven os nenos máis pequenos para achegarse aos libros. Coñecer e valorar as características dos libros destinados a este segmento de idade. Poñer en funcionamento unha ampla diversidade de criterios para exercer a selección dentro do ámbito bibliotecario. Propoñer actividades destinadas a achegar os libros aos nenos destas idades tanto no ámbito bibliotecario como no ámbito familiar. Promover experiencias positivas cos libros dirixidos a estas idades.

Destinatarios:
Persoal técnico bibliotecario e responsables das bibliotecas públicas.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 28 e 29 de xuño
Prazas: 30

Contido básico:

- Primeiros contactos cos libros: Como len os nenos antes de aprender a ler, Importancia do contacto precoz dos libros; A palabra mediador como ponte entre os libros e os nenos; De 0 a 3 dúbidas e certezas.
- Primeiros contactos cos libros : Tipoloxía dos libros para primeiras idades e o Álbum ilustrado.
- Criterio para seleccionar: Análise dos libros,Imaxes e textos.
- Qué facer cos nenos e nenas: Animación á lectura

LIBRO ELECTRÓNICO EN BIBLIOTECAS PÚBLICAS. CV12089

Obxectivos:
Coñecer as técnicas que permiten unha axeitada adquisición e selección do libro electrónico na Biblioteca Pública, Coñecer os cambios tecnolóxicos acaecidos no sector editorial e Describir e Analizar os principais dispositivos de lectura electrónicos.

Destinatarios:
Persoal técnico bibliotecario e responsables das bibliotecas públicas.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 1 ao 30 de xuño
Prazas: 25

Contido básico:

- Cambios no sector editorial (Do analóxico ao dixital; Novas formas de edición e recepción e Plataformas de acceso a libros electrónicos).
- Dispositivos de lectura (Tinta electrónica; Formatos de lectura e Avaliación de dispositivos de lectura).
- Libros electrónicos na Biblioteca (Integracións dos libros electrónicos en bibliotecas; Selección e Adquisición; Xestión da colección dos libros electrónicos e Recepción nos usuarios).
- Casos Prácticos.

PROMOCIÓN DA LECTURA DIXITAL NA BIBLIOTECA PÚBLICA. CV12090

Obxectivos:
Coñecer os novos soportes da lectura; Analizar as necesidades de lectura infantil e xuvenil, Coñecer os recursos para a promoción da lectura dixital e Coñecer experiencias prácticas de promoción da lectura dixital.

Destinatarios:
Persoal técnico bibliotecario e responsables das bibliotecas públicas

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 28 e 29 de maio
Prazas: 30

Contido básico:

- Os novos soportes de lectura : dispositivos e contidos.
- O lector infantil e xuvenil hoxe: Satisfacción e apropiación de dispositivos e Características e niveis de comprensión lectora.
- Os ámbitos web na promoción da lectura: desde o punto de vista da información e da comunicación e desde o punto de vista da interacción e da creación de contidos.
- Exemplos de iniciativas de interese en torno á lectura e á promoción da lectura: webs de autores, webs de obras, clubs na nube e xogos en liña.

XESTIÓN DA COLECCIÓN E DO EXPURGO. CV12091

Obxectivos:
Mostrar as vantaxes dunha correcta xestión da colección; Coñecer as técnicas de selección e adquisición da colección e Coñecer os criterios que deben guiar un proceso de expurgo sistemático das coleccións.

Destinatarios:
Persoal técnico bibliotecario e responsables das bibliotecas públicas

Desenvolvemento:

Duración: 40 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 1
Lugares e datas:
T01: do 29 de maio ao 29 de xuño
Prazas: 25

Contido básico:

- Cara a un novo modelo de Biblioteca Pública: introdución, espazo físico, o persoal e os servizos.
- Introdución á planificación estratéxica: a colección e estudos estatísticos sobre o contorno, a comunidade de usuarios e a colección.
- Selección de materiais e desenvolvemento da colección: concepto de selección, materiais e fondos variados e equilibrados, nova realidade, materiais axeitados, pluralismo e obxectividade e calidade ou cantidade.
- Adquisicións: como escoller entre a produción editorial, onde comprar, hemeroteca, doazóns, como escoller unha obra, seleccións especiais e conclusións.

OFFICE.2. CV12092

Obxectivos:
Dotar ao alumno dos coñecementos teórico-prácticos necesarios para manexar coa habilidade e soltura suficientes as aplicacións máis habituais nesta contorna.

Destinatarios:
Persoal pertencente ao Ente Público Portos de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 23 de febreiro ao 29 de marzo
Prazas: 17

Contido básico:
Word, Excel e Access.

DESEÑO GRÁFICO CON INDESIGN CS5. CV12093

Obxectivos:
Capacitar ó alumno no manexo eficiente de InDesign, coñecendo e aplicando correctamente os recursos e ferramentas para a automatización do proceso de maquetación.

Destinatarios:
Unidade de Deseño e Maquetación; Departamento de Infraestruturas físicas e sala; Área de Sistemas orzamentarios, contables e do tesouro, pertencentes ao CIXTEC.

Desenvolvemento:

Duración: 33 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 3 ao 20 de decembro
Prazas: 15

Contido básico:

- Área de traballo
- Deseño da estrutura do documento
- Textos: Estilos. Creación de táboas
- Capas e páxinas: Elementos da páxina
- Manexo dos elementos da páxina: Obxectos e formas. Cor. Outras opcións de cor
- Finalizando documentos

CURSO DE INTRODUCIÓN Á ANÁLISE DE DATOS CUANTITATIVOS CON SPSS. CV12094

Obxectivos:
Introdución á análise de datos cuantitativos co programa SPSS co obxecto de aprender a realizar a preparación, creación, definición e codificación de datos para a súa explotación estatísticas.

Destinatarios:
Persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil que tivese feito o curso básico de información xuvenil ou equivalente.

Desenvolvemento:

Duración: 16 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 28 de novembro ao 17 de decembro
Prazas: 10

Contido básico:

- Avaliación inicial.
- Técnicas e instrumentos de investigación social.
- Introdución ao SPSS.
- Estrutura e funcionamento dunha base de datos SPSS.
- Análise descritivo.
- Interpretación de resultados.
- Avaliación final: exercicio práctico.

ESPIGÓN. CV12095

Obxectivos:
Preténdese que os participantes adquiran habilidades no control da aplicación informática ESPIGON, especialmente no relativo á xestión da prestación de servizos, tanto xerais como específicos, a realización de consultas e o seu seguimento.

Destinatarios:
Persoal de Portos de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas
Modalidade: Presencial
Edicións: 3
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: 22 de novembro
Santiago de Compostela: 27 de novembro
Santiago de Compostela: 29 de novembro
Prazas: 25 en cada edición

Contido básico:
- Tratamento dos datos dos servizos xerais e específicos.
- Tratamento dos datos dos usuarios.
- Lectura de contadores e tratamento dos datos.
- Visualización do estado dos diferentes servizos.
- Características específicas da aplicación en canto a consultas e filtros.
- Aplicación do IVE nas diferentes tarifas.
- Finalización e peche de servizos.

E-LEARNING: SCORMS E CREACIÓN DE CONTIDOS CON EXE. CV12096

Obxectivos:
Formación teórica e práctica sobre a creación e manexo de paquetes SCORM. Manexo de eXe como software de creación de contidos.

Destinatarios:
Persoal do ISSGA.

Desenvolvemento:
Duración: 12 horas
Modalidade: Mixta
Edicións: 1
Lugares e datas:
Santiago de Compostela: do 3 ao 12 de decembro
Prazas: 25

Contido básico:
1. Teleformación: Conceptos (1 hora) Ámbitos virtuais de aprendizaxe. Web 2.0 e elearning 2.0
2. Creación de contidos con eXe: (7 horas)
a. Que é eXe learning.
b. Características de eXe-learning
c. Instalación
d. Ámbito de traballo
e. Xerarquía de contidos
f. Abrir eXe learning e pechar
g. Crear, gardar e recuperar proxectos.
Propiedades do documento
Paquetes de contidos
Metadatos
Exportación de contidos
O editor de textos WYSIWYG idevices
h. Idevices de presentación e exportación
i. Idevices de actividades interactivas e follas de estilo
j. Actividades non interactivas, estándares e Moodle
k. Edición de documentos
Creación de cuestionarios para Moodle con Hot Potatoes
l. Descarga do programa e instalación

m. Ámbito de traballo
n. Tipos de actividades
o. Configuración de Hot Potatoes
p. Traballo con cuestionarios
Editor de SCORM: Regabade
q. Desempaquetando SCORM
r. Reempaquetar SCORM
Edición de documentos HTML
s. Editores WYSIWYG, Nvu, Kompozer
t. Editar documentos

APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE FOLLAS DE CÁLCULO (MICROSOFT EXCEL 2010). CV12097

Obxectivos:
Coñecer a aplicación informática de folla de cálculo Microsoft Excel 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:
O curso vai dirixido a persoas de servizos que formen parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia (artigos 43 e 44 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia) e que estean integrados nalgunha das seguintes categorías: Persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de protección civil. Profesionais de servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias, con independencia do réxime xurídico de xestión: servizos municipais de protección civil (grupos municipais de intervención rápida Grumir e outros servizos municipais de intervención en emerxencias), servizos de extinción de incendios etc.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 30 de xullo ao 7 de setembro
T02: do 30 de xullo ao 7 de setembro
Prazas: 40 en cada edición

Contido básico:

- Libros e follas en Excel.
- Creación de series e arrastrado de fórmulas.
- Estilos e formatado de celas.
- Fórmulas e referencias.
- Traballar con bases de datos en Excel.
- Formatos avanzados de gráficas.
- Manipulación de macros.
- Impresión, exportación, ortografía, idioma

APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE TRATAMENTO DE TEXTOS (MICROSOFT WORD 2010). CV12098

Obxectivos:
Coñecer a aplicación informática de tratamento de textos Microsoft Word 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:
O curso vai dirixido a persoas de servizos que forman parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia (artigos 43 e 44 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia) e que pertenzan a algunha das seguintes categorías: Persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de protección civil. • Profesionais de servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias, con independencia do réxime xurídico de xestión: servizos municipais de protección civil (grupos municipais de intervención rápida Grumir e outros servizos municipais de intervención en emerxencias), servizos de extinción de incendios etc.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 25 de xuño ao 20 de xullo
T02: do 25 de xuño ao 20 de xullo
Prazas: 40 en cada edición

Contido básico:

- Formatos avanzados.
- Tabulacións.
- Estilos.
- Cabeceiras, pés de páxina e notas no pé.
- Táboas.
- Combinar correspondencia.
- Configuración avanzada.
- Manexo de macros e accións importantes de Word.

SISTEMA OPERATIVO, BUSCA DE INFORMACIÓN: INTERNET/INTRANET E CORREO ELECTRÓNICO NO CONTORNO WINDOWS. CV12099

Obxectivos:
Realizar unha aproximación ao funcionamento dos sistemas operativos, redes intranet e internet e xestores de correo electrónico no contorno Windows.

Destinatarios:
O curso vai dirixido a persoas de servizos que formen parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia (artigos 43 e 44 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia) e que estean integradas nalgunha das seguintes categorías: Persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de protección civil. Profesionais de servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias, con independencia do réxime xurídico de xestión: servizos municipais de protección civil (grupos municipais de intervención rápida Grumir e outros servizos municipais de intervención en emerxencias), servizos de extinción de incendios etc.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 3
Lugares e datas:
T01: do 1 ao 30 de agosto
T02: do 1 ao 30 de agosto
T03: do 1 ao 30 de agosto
Prazas: 40 en cada edición

Contido básico:

- Introdución ao ordenador (hardware e software).
- Utilización básica do sistema operativo.
- Personalizar o ámbito.
- Introdución á internet.
- Navegación pola World Wide Web.
- Utilización e configuración do correo electrónico.
- Transferencia de ficheiros FTP.

APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA BASES DE DATOS RELACIONAIS (MICROSOFT ACCESS 2010). CV12100

Obxectivos:
Coñecer a aplicación informática para bases de datos relacionais Microsoft Access 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:
O curso vai dirixido a persoas de servizos que formen parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia (artigos 43 e 44 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia) e que estean integrados nalgunha das seguintes categorías: Persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de protección civil. Profesionais de servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias, con independencia do réxime xurídico de xestión: servizos municipais de protección civil (grupos municipais de intervención rápida Grumir e outros servizos municipais de intervención en emerxencias), servizos de extinción de incendios etc.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas
Modalidade: Teleformación
Edicións: 2
Lugares e datas:
T01: do 18 de setembro ao 29 de outubro
T02: do 18 de setembro ao 29 de outubro
Prazas: 40 en cada edición

Contido básico:

- Introdución ás bases de datos e Microsoft Access 2010.
- Bases de datos avanzadas.
- Consultas en Microsoft Access 2010.
- Formularios en Microsoft Access 2010.
- Informes en Microsoft Access 2010.

PUBLICACIÓNS

A EGAP, de acordo coa súa función de promover a investigación, a documentación e o debate en materias relacionadas coas administracións públicas, conta con dúas publicacións periódicas de carácter científico que se editan con carácter semestral: a Revista Galega de Administración Pública (Regap) e a revista Administración & Cidadanía.

As revistas da Escola Galega de Administración Pública están incluídas dentro das bases de datos máis prestixiosas no ámbito da comunidade internacional, como son o DICE (CSIC) e Latindex. Esto supón que as revistas cumpren os estándares científicos que garanten a calidade e o rigor da publicación e dos artigos que contén.

Nestes momentos a EGAP edita dous tipos de publicacións. O primeiro deles refírese ás publicacións periódicas (semestrais) que inclúen a Regap e A&C. O segundo tipo son publicacións únicas referidas a unha temática concreta que afondan en temas actuais relacionados coa Administración pública.

Revista Galega de Administración Pública (Regap)

Publicación semestral de contido xurídico-administrativo sobre a realidade da Administración pública actual. Inclúe estudos e artigos doutrinais, novas sobre a actualidade lexislativa e xurisprudencial, e crónicas.

Nas páxinas desta publicación, nacida no ano 1992, ofrécese unha visión rigorosa e experta a través de traballos sobre temas relacionados coa Administración autonómica e local, a función pública ou a ciencia da Administración. Ademais, autores latinoamericanos analizan cuestións relativas aos seus países.

***Administración&Cidadanía* (A&C):**

Revista con contidos relacionados coa socioloxía e a ciencia política. Nela publícanse estudos nos que se analiza a relación entre a política e a Administración desde unha visión multidisciplinar.

Nacida en 2006, pretende ofrecer un novo enfoque sobre a realidade organizativa e xerencial da Administración pública e achegar novas perspectivas ao estudo dos procesos de intervención pública e do seu impacto económico, xurídico, político e sociolóxico.

Ao adoptar unha estratexia interdisciplinaria, *Administración & Cidadanía* contribúe a perfeccionar a acción de goberno, a mellorar a xestión pública e, en consecuencia, a enriquecer a actividade administrativa e a refinar o seu servizo á comunidade. Sitúanse no centro de atención desta publicación as persoas con responsabilidades políticas, os cadros de persoal, incluíndo o directivo, e todas aquelas persoas pertencentes ao ámbito académico preocupadas por modernizar e mellorar a actuación do sector público, por reforzar o seu encaixe na sociedade e facilitar o diálogo entre a cidadanía e a Administración.

Números de A&C publicados no 2012:

Volume 7, número 1. Sumario:

- Villar Burke, Javier (Comisión europea), «Creación e evolución dos instrumentos de estabilidade na crise financeira europea».
